

Era xuño, remataron as clases e Ana e a súa cuadrilla arrancaron a facer unha ruta pola zona coa idea era ir cara O monte Xalo pero xa era un pouco tarde para ir e decidiron parar no marco das Eiras e alí estiveron a planear o que ían facer ese verán; Iago falaba de que seguramente marcharían uns días A Boiro, Xoán pensaba nas verbenas, e así un a un planeaban o verán.

Mauro mirou seu móbil e decidiron abandonar o lugar e baixar cara ao pobo, pararon asustados e viron a un militar con aparencia moi antiga nun lugar chamado O peto das animas de Paleo, mirounos e díxolles, non vos asustedes e contestarme a unha pregunta ¿en que lugar estou? Eva con cara de pánico contestoulle, estas en Carral, ¿sabes onde é? ó que el respondeulle, si, aquí matáronnos. Ninguén dixo nada, algún tremía e outros pensaban que se trataba dunha broma pesada. Ana díxolle que non lle facía graza e que os deixase tranquilos ao que el díxolles que necesitaba que lle axudasen que tiña que volver cos seus compañeiros e preguntoulles se había un cemiterio preto e se sabían onde estaban enterrados os seus compañeiros.

Lúa díxolle en voz baixa que no cemiterio había unhas tumbas antigas que lles ensinaran nunha saída cando estaba en primaria e que alí estaban enterrados uns militares que fusilaron en Carral e entón el contoulles un resumo do que alí sucedeu no ano 1846 e eles quedaron pampas xa polo ano porque o relacionaban a unha data do libro de xeografía e historia e non entraba nas súas cabezas estar a falar cun protagonista da historia, entón Antón dixo: iso é o fusilamento dos mártires dá liberdade polo cal está ese monumento no centro da vila e non daba crédito por estar a falar cunha pantasma.

Sen dicir nada, dirixíronse rumbo ao cemiterio de Paleo onde os enterrasen despois do fusilamento, chegaron alí e agarráronse das mans polo medo que tiñan de estar alí e foron cara ás tumbas e díxéronlle que esas eran as tumbas dos “mártires dá liberdade” entón el doulles as grazas pola axuda e díxolles que era un pracer coñecerlos e despediuse dicíndolles, desculpade que non me presenteí, son Miguel Solís e desapareceu sen que ninguén se explicase o que ocorrera.

Sen dicir nada, abandonaron o cemiterio e colleron os móbiles e buscaron información sobre esa personaxe e cando viron a imaxe e leron o que saía, empezaron a correr rumbo ó pobo para avisar do acontecido, algúns choraban mentres corrían e outros só corrían.

O chegar ó concello pararon e Xián dixo: acabamos de estar a falar cunha pantasma de algo histórico acontecido no noso pobo e xusto agora acabou o curso e xa non lle podemos contar á profesora de historia o que pasou para subir a nota e todos comezaron a rir e decidiron ir cear algo e dixeron que o ocorrido esa tarde ía ser outra parte da historia de Carral.

Era unha mañá de outono no castro de Vilalbarro. As follas caían como pequenos tesouros dourados, creando un manto suave polo chan. Andrés, un rapaz de doce anos, aventurábase na natureza fascinado pola historia e lendas que rodeaban aquel lugar máxico. O castro coas súas murallas de pedra e as súas antigas vivendas, era un recordo dos antigos celtas que hai habitaban.

Mentres exploraba, Andrés escoitou un ruído entre os matos. Curioso, achegouse e para a súa sorpresa, atopou un xabaril pequeno, con unha pelaxe de cor marrón e ollos brillantes. O animal, asustado, intentou escapar, pero Andrés, co corazón a mil, díxolle con tranquilidade:

-Non te preocupes, non che vou facer nada malo.

O xabaril intrigado, parou e mirou o rapaz. Andrés sentou no chan, intentando parecer menos ameazante. O animal, logo duns momentos, achegouse lentamente. Era evidente que estaba ferido, tiña unha ferida que a simple vista se notaba que era dun tiro.

Pobriño- dixo Andrés, estendendo a man-.Déixame axudarche.

Con moito coidado, o rapaz colleu un trapo que tiña na mochila e, con paciencia, envolveu a pata do xabaril. O animal deixouse facer, como se entendese que Andrés só quería axudar.

- Vou chamarte Cuqui, como o can do avó-decidiu o rapaz, sorrindo.-Mola, non che parece?

E desde aquel momento, Andrés e Cuqui formaron unha amizade inusual. O rapaz visitaba todos os días ao xabaril, e xuntos exploraban os recunchos do castro. Contábanse historias, cada un a súa maneira, corrían entre as árbores, etc.

A amizade entre un rapaz e un xabaril trouxo á vida do castro de Vilalbarro un novo capítulo, onde a natureza e a humanidade se unían en harmonía.

MISA EN CONXO

Aquel día a xente volvera apresurada de traballar, á espera das procesións; mais non tardou esa calorosa tarde de verán en pegar un grotesco xiro. Os taberneiros pecharon cedo os seus negocios, as casas cerráronse a calicanto, coma se dun convento de clausura se tratasen. Non houbo cativo nin alma nas estradas. Todo o ambiente festivo se apagara e o aire de Compostela tornouse lúgubre e frío. Xa logo o manto da noite cubriría Santiago. González e eu contemplabamos a escena, na rúa da balconada, descansaba diante nosa o corpo sen vida do arcebispo Suero Gómez.

—Apresura, García, que cando antes acabemos o traballo, antes marchamos para a casa.

—Quen lle pode facer isto ao noso diácono? Que non cometeu pecado ningún!

—Tan santo non sería se Deus non se puxo do seu lado, ben se sabe que andaba

trala rapaza dos Churruchao e ao final pagounas.

Limpamos o sangue de toda a rúa ata que non quedou mancha ningunha. Lémbrome das vellas, que eran as máis supersticiosas, a purificar os camiños con sal e a rezar un rosario pola alma do arzobispo. Afirmaban todas que había que clausurar a rúa, selala para sempre, para evitar novas traxedias e malos espíritos. Tamén saían algunhas mulleres a pregoar polos balcóns.

—Anulan as procesións, pechan a catedral, as capelas, as igrexas! A onde imos ir
nós agora?

—Preparade os cabalos que imos escoitar a misa a Conxo. Se nos han matar a todos que Deus nos pille confesados—. González botou o cadáver ao lombo.

O Caso da Vila Somerxida

Din, don...Din, don... O estrondoso son desas campás obrigoume a pararme da cama. Descoñecía a hora, pero seica non amañecera. Pasara a metade da noite disfrutando da festa de San Xoán, e non me facía ningunha graza ese ruído, mañá tiña traballo e non me podía permitir o luxo de durmir aínda menos do previsto. Achegueime á ventá, medio durmida e un pouco desorientada. Na zona de onde eu vivo non hai igrexas pero, ao non ver ningunha anormalidade, supuxen que se trataría dalgún bébedo poñendo sons aleatorios co móbil; pechei a fiestra e volví durmirme.

Non pasaron nin trinta minutos cando me volví espertar, desta vez, con muxidos, bufidos e distintas onomatopeas de animais. Este xoguiño xa non daba chiste, sabía que tiña que haber alguén detrás disto. Agardei uns quince minutos, coa esperanza de que este desastre cesase. Ao final, optei por vestirme e saír e darlle un toque de atención, non podía molestar á xente desa forma e quedarse coma quen non quere a cousa.

Saín da casa seguindo aquel remexido de sons, que cada vez se ían intensificando máis ata o punto de resultar considerablemente insoportables. Por se fora pouco, a isto tamén se lle sumaron as risas de rapaces e rapazas, que daban a sensación dunha vila con vida propia. Concluí que me guiaban ata As Xarfas, a lagoa situada ao pé de Montelouro. Achegueime ata ela e decateime de que o monte, visto dende abaixo e coas estrelas aloumiñándoo, formaba unha paisaxe digna de admirar; sen dúbida o mellor do concello de Muros. Voltei a vista cara á lagoa, e enorme foi a miña sorpresa ao non atopar a ninguén alí. Nese intre, casualmente todo ruído desaparecera. Atopábame atónita, este misterio non facía máis que picar a miña curiosidade e xa se convertera nalgo persoal resolvelo.

Rastreei a zona coa lanterna do móbil ata perder a conta do tempo. Xa revisara as mesmas árbores varias veces e estaba dando voltas en círculos, sen ningún rastro dos sons. Toda pudorosa e, ante a posibilidade de atoparme cun xabarl, optei por abandonar a busca cunha gran frustración.

No camiño á casa atopeime co meu veciño Xaime sentado ás portas dun bar dun colega seu. Era un home alto, moreno e duns 20 anos que lucía algo bébedo e bastante canso. Cando lle preguntei se oír os misteriosos ruídos, respondeume que non, e un frío comezou a subirme polo corpo. Non podía ser que non os escoitase... Acaso estaría eu tola? Ou ao mellor sería el o culpable das miñas desventuras? Estiven maquinando sobre elo ata que cheguei ao meu fogar e me tumbei, rendida, na cama. Tan boa foi a miña sorte que xusto tocou o espertador. Polo menos tería unha historia que contarlle aos meus compañeiros de traballo.

Cando a néboa cae sobre Santiago e o son da gaita parece saír das paredes, hai quen di que unha alma percorre o último tramo do Camiño. Non busca destino, senón lembranza.

Nos bares fálase dun campesiño do século XV que chegou a Santiago dende lonxe. Algo común, si, pero este peregrino é lembrado porque nunca chegou ao seu destino. Algúns din que foi asasinado, outros que se suicidou, pero ninguén o sabe con certeza. Todo o que se conta é que nunca logrou entrar na Praza do Obradoiro.

O seu espírito, silencioso, escóndese entre a xente, sobe ata o Monte do Gozo e percorre o camiño dende alí ata a Praza unha e outra vez, coa esperanza de conseguir entrar. Cando os peregrinos chegan, acompañaos en silencio, como se quixese compartir o seu derradeiro tramo a través deles. Pero a cidade parece rexeitalo.

Un día, mentres repousaba na Fonte dos Cabalos, atopou unha nena. Ela non fuxiu, nin lle tivo medo. Regaloulle unha flor. E todas as noites dende aquela, a pequena traíalle algo novo: unha ración de polbo á feira, unha camisa limpa, unha gaita para que non se aburriese...

Anos despois, a nena marchou ao estranxeiro e nunca volveu. O espírito quedou só, pero algo cambiara. A catedral agora brilla máis forte de noite. E algúns xuran que, cando soa a música tradicional galega preto do Obradoiro, escóitase unha segunda gaita, que ninguén está a tocar.

OS PROFUNDOS

Era pola tarde, acababa de chegar cos meus amigos Xoán e Martiño a Area Maior, no concello de Muros. Encantábanos explorar montes, covas... e encontrar os tesouros que agacharan os piratas tempos atrás. Pasamos todo o mes de xullo revolvendo en sitios abandonados, pero só encontráramos lixo. Ningún de nós esperabamos atopar nada esa tarde de verán.

Estivemos media tarde bañándonos na praia, logo fomos probar sorte a Monte Louro, por se viamos algo interesante. Subimos ata o pico, merendamos alí e fomos mirando en todas as covas. Cando empezou a anoitecer, decidimos volver. Baixando, eliximos outro camiño que pensabamos que era máis curto.

De repente, Martiño saltou dunha pedra a outra, pero coa mala sorte de escorrer entre uns enormes arbustos. Fomos rapidamente a axudalo Xoán e mais eu pero dentro desa vexetación sorprendeunos descubrir un oco no chan. Martiño non estaba por ningún lado. Asumeime para ver a profundidade, pero Xoán tivo unha mellor idea: lanzou unha pedra e esperou uns segundos. Ambos sorprendémonos ante o tempo de espera. O oco era máis profundo do que pensabamos!

Como ningún dos dous podíamos facer nada, decidimos ir ata o lugar máis próximo, Louro, e pedir axuda. Corremos tan rápido como puidemos.

Colaboramos co G.E.S, indicándolles onde ocorrera todo. Seguimos o camiño ata chegar á pedra por onde escorrera. O meu amigo e mais eu dirixímonos ao arbusto, apartamos as pólas, pero non había nada. O oco desaparecera. Ninguén entendía nada. Pasamos moito tempo explicándolle o que pasara aos do G.E.S pero marcharon pensando que todo fora unha broma de mal gusto. De volta a Muros, moi agobiados, Xoán comentou que era posible que Martiño saíra correndo e que nos estaba gastando unha broma. Pero tanto el coma eu, viramos o oco no chan.

Ao día seguinte, anunciouse a desaparición de Martiño. Nós contáramos o que ocorrera pero ninguén nos creu. Varias mulleres maiores de Louro dixéronnos que o que nós viramos eran 'Os Profundos', un oco na terra que contén un tesouro protexido por un boi. Outros dicían que Martiño, coa caída, quedara inconsciente e rolara monte abaixo. Despregáranse varias patrullas de busca pero, despois de incontables intentos, non conseguimos volver ver a Martiño.

O Vákner

A semana santa chegou a Dumbría con moi mal tempo, todos os días ía frío e chovía. Catro rapaces, Pedro, Manuel, Xoel e Ramón cansados de non poder saír idearon unha quedada o xoves, xa que era o único día no que non chovía. Quedaron ás cinco no campo de fútbol, alí decidiron que podían ir dar un paseo polo monte e despois quedar a cear na casa de Ramón.

Emprenderon a camiñata moi motivados e seguros xa que coñecían moi ben o bosque porque era o seu lugar de xogo favorito cando eran pequenos. Eran as seis da tarde cando chegaron ao seu obxectivo, un pequeno regato no que sempre xogaban de pequenos. Sacaron os seus bocadillos e puxéronse a comelos mentres falaban. Ás seis e media decidiron emprender o camiño de volta á casa, despois dun anaco camiñando empezou a aparecer unha néboa moi espesa, pero non se preocuparon moito porque xa estaban relativamente cerca. Despois de media hora camiñando empezaron a xurdir os nervios, empezábanse a encontrar un pouco desorientados e perdidos, pero todo cambiou cando encontraron un cadáver de ovella sen cabeza e comenzado a comer no medio do camiño. Nese momento empezou a xurdir o medo nos seus corpos. Manuel probou a chamar pero non tiña nin chisco de cobertura. Estaban asustados, perdidos e non sabían que facer. De súpeto escoitaron un ruído detrás súa, pensaron que sería un raposo ou un xabarín pero Ramón, que era o que máis asustado estaba, aseguraba que era o Vákner, unha lenda sobre un lobishome que asustaba aos peregrinos que pasaban por Dumbría. Pedro tranquilizou aos demais e acercouse a mirar cando unha criatura xigante se abalanzou sobre el, empezouno a devorar e todos botaron a correr. Despois dunha boa carreira Xoel chegou á autoestrada, só. Subeu nun coche que o levou a comisaría.

Xoel non volveu ver aos seus amigos e por todo o vivido ingresou nun psiquiátrico. A policía buscou aos tres rapaces por todo o concello pero non encontraron nada máis ca unha ovella morta.

O Segredo das Sardiñeiras Voadoras de Muros

Son Xandre, e vivo en Muros, un sitio onde cheira sempre a mar e a peixe. Aquí temos un segredo que case ninguén de fóra sabe: as sardiñeiras de Muros voan.

Cando as mulleres da lonxa as limpan e as preparan para as latas, van tan rápido coas mans que parece que as sardiñas saltan e voan dunha caixa á outra.

A miña avoa Manuela, que traballou toda a vida na conserveira, dicía que tiñan "duende" nas mans. Unha habilidade que pasaba de nais a fillas, coma unha receita secreta. Dicía que cantaban baixiño mentres traballaban, unas cantigas antigas que lle daban velocidade e precisión aos seus movementos.

Eu de pequeno quedaba flipado véndoas. As súas mans movíanse tan rápido que case non as vías. As sardiñas brillaban coma prata e parecía que levitaban antes de meterse nas latas.

Unha vez, un turista preguntoulle a unha sardiñeira como facían para ir tan rápido. Ela sorriu e díxolle: "É o aire de Muros, fillo. Dálle ás ás nosas mans". O turista quedou coa boca aberta, pensando que era verdade.

E quen sabe? Ao mellor si que hai algo máxico no aire de Muros, algo que fai que as sardiñeiras voen coas súas mans expertas, conservando o sabor do noso mar en cada lata. A min gústame pensar que si.

O segredo de Carnota

Moi preto de Muros, unha vila con moita historia, atópase Carnota, un concello que garda moitos segredos de máis de mil anos. As súas rúas empedradas e as súas casas de pedra parecen susurrar historias antigas. Pero o que realmente fai especial a Carnota son as lendas que aínda perviven entre os seus habitantes, especialmente as de bruxas que, dende o século IX, habitaron as súas terras.

No ano 2023, un grupo de amigas decidiu explorar o lugar, xa que aquel lles trasmitía moito sentimento, e estaban abraiadas, atraídas pola súa beleza e pola misteriosa historia que contiña. Desde o primeiro momento, sentiron unha especie de conexión, como se o propio concello as invitase a descubrir aqueles segredos. Paseando polas rúas, atopáronse cunhas señoras maiores, falando de antigas lendas que trataban sobre bruxas que, no pasado, practicaban rituais no Monte Pindo. Esas bruxas tiñan poderes especiais, eran capaces de curar ou de maldicir dependendo do seu estado de ánimo. As rapazas, interesadas, escoitaban con atención, mentres o vento lles susurraba ao oído. De repente, nunha esquina da aldea, viron unha figura vella, envolta cunha capa negra, que desapareceu entre as sombras. A partir dese momento, sentiron unha presenza que as acompañaba, como se as bruxas aínda estiveran presentes, protexendo o segredo do lugar. Ao final do día, sentíronse máis conectadas ca nunca con aquela historia. Sabían que aquel sitio non era só un lugar de beleza, senón un recordo de tempos pasados, onde as bruxas, con todo o seu poder, aínda deixaban a súa pegada. E, mentres saía o atardecer, as amigas prometeron gardar aquel segredo, para que as bruxas de Carnota seguisen velando por aquel lugar cheo de historia e maxia.

A Santa Compañía

Era Samaín. Nunha noite tranquila por Muros, os meus amigos máis eu estivemos andando por moitos dos miles de camiños que hai. Eramos cinco. Chegamos ata un punto no que había un camiño que levaba ás profundidades do monte. Dous dos meus amigos non querían ir. Tiñan medo, andaban a falar da Santa Compañía. Unha das moitas lendas rurais. Os outros tres non criamos nesas chorradas de contos. Eles dous volvían para a casa e nós adentrámonos no monte. Chegamos ata un punto onde todo era escuridade, non se vía nada, era como estar cego. Intentamos pór a lanterna do móbil, pero dous dos tres estaban apagados. Aventurámonos con só unha lanterna, polo que había un que non vía moi ben.

Maldito sexa o día no que nos metemos no monte.

Por aí cerca das dúas da mañá seguíamos no monte, perdidos, o amigo que menos vía parara de falar, seguiu un pouco sen falar ata que miramos e non había ninguén, desaparecera. Demos varios pasos atrás ata que chegamos a un burato no chan, habían de ser dez metros de alto e no fondo estaba el, o noso amigo, espachurrado, era unha imaxe horrible, nunca me esqueceréi do que vin. Mirando para o corpo do noso amigo escoitamos varios pasos e entre as árbores uns homes rodeados dun fume branco. O meu outro amigo máis eu empezamos a asustarnos e pensar que era a Santa Compañía. Puxémonos moi nerviosos e non econtrabamos a saída do monte.

Máis adiante, sobre as catro da mañá quedamos paralizados pois encontrámonos de cara coa Santa Compañía. O meu mellor amigo, o meu amigo da infancia, caeu de xeonllos e empezáronselle a poñer os ollos en branco. Aterrorizado, púxenme a correr. Deixeiino alí só, a morrer.

Maldito sexa o día no que o deixei alí, só, a morrer. Non podía morrer eu tamén aquel día en vez de soportar con esta carga e esta gran pena? Maldito sexa ese día. Dende ese día non volví ver aos meus queridísimos amigos.

OROSO: O TESOURO QUE O TEMPO NON PUIDO ROUBAR

Era comezos de primavera en Oroso. E inda que agora mesmo dise que é coñecido por ser feo, tivo unha época onde era uns dous lugares máis belos do mundo.

Foron os romanos quen os chamaron Trigudum e levantaron aquí unha mansión na Vía XIX, onde os viaxeiros descansaban baixo carballos centenarios. O río Tambre, limpo e rumoroso, reflectía o ceo como un espello, e as leiras verdes abeiraban camiños de terra batida que cheiraban a herba fresca.

Hoxe, os coches pasan rápido pola estrada, e case ninguén mira xa para o vello muíño de Marzoa nin para as pedras do Castro de Vilalbarro, que gardan historias de guerreiros e peregrinos. Pero hai quen aínda lembra. Como o cidadán máis vello de Sigüeiro, Pepe, que todas as mañás pasea polo peatón e di: "A beleza non está no que se ve, senón no que se sabe mirar".

Porque Oroso é precioso, pero a maioría só ve o asfalto gastado e gris e non os camiños antigos, nin o ouro do sol poñéndose entre os piñeiros. A verdadeira riqueza está agochada, esperando a quen queira descubri-la.

PREÁMBULO

O seu amor fora prohibido, absurdo e ilóxico, como diría Bécquer, e aínda así o fora. Hai case un século, as cousas en Balea non eran tan diferentes do que se podía imaxinar. A conserveira foi o motor da economía local, dando emprego a moitas persoas, sobre todo mulleres, que atopaban traballo como vía para emanciparse. Traballar significaba acceder a unhas prestacións que nin o mar, nin a agricultura, nin as tarefas domésticas podían ofrecer: dende un salario ata a asistencia sanitaria, que incluía o parto en padiola, atendido por profesionais, en lugar de facelo na cama da casa, rodeada parentes....

O fillo da Purita

Hoxe atopeime co fillo da Purita, a que traballa na conserveira. Aínda non se divorciou de Paulina, mais xa se deixa ver pola vila cos fillos e a súa nova parella. Semellaba gozar da nova situación, exhibindo mesmo novo coche, un descapotable bipraza. Decateime de que o neno pequeno, de forma desleixada, ía sen asento apropiado.

O fillo de Purita sabe pouco da vida, aínda que sempre foi un mozo ambicioso. Comezou a traballar en prácticas para se converter, en menos de cinco anos, nun hábil trepador corporativo e home de confianza do presidente da empresa, que cotiza en bolsa e está valorada en seiscentos millóns de euros. No seu medio socio-sentimental tampouco fica atrás. Xurxo, como lle chaman polo seu pai, namorou á filla dun dos homes máis ricos da cidade. Levan máis dun ano seu amor polo mundo, deixándose ver nas redes sociais. Ela, mormente, non é nada discreta, subindo todo en aberto, sen lle importar que Paulina, de familia acomodada, teña que aturar esa vergoña e aceptar a idea de que el decidira deixalos por algo máis proveitoso.

De casta lle ven o galgo...

1935

Unha tarde de novembro, o fillo do empresario catalán, propietario da fábrica de conservas, acudiu ao despacho do seu pai para recibir unha reprimenda. Após de dous anos malgastando o diñeiro do seu pai, descoidara os estudos universitarios e levaba meses sen aparecer pola casa familiar. Xaume non mostraba ningún interese pola empresa familiar. Atopara en Santiago todo o que Barcelona non lle ofrecera a nivel intelectual. Estudante de Filosofía e Letras, coincidira nas aulas con outros mozos de boa familia, interesados na cultura e nos movementos artísticos de Europa.

Na tertulia do café Casino, da rúa do Vilar, idearan promover as expresións artísticas e literarias galegas. Ese día, todo cambiou para Xaume. Comezou a se ausentar das aulas, adicando as horas a redixir manifestos que, máis tarde, serían os estatutos do primeiro partido nacionalista galego. Andreu, informado polo Reitor da actitude de Xaume, enterouse desacougado de que o seu fillo fixera amizade cun grupo de intelectuais ourensáns que defendían a idea de Galicia como nación.

UNHA LENDA ANTIGA DE SIGÜEIRO.

Fai moito tempo, os peregrinos que facían o Camiño de Santiago deixaban unha ofrenda nunhas rochas ao lado da ponte de Sigüeiro, xa que según a lenda que vos vou contar agora, lles brindaba protección do espírito da muller.

A lenda consistía en que si pasabas cerca do río Tambre, unha muller que morrera afogada alí, atraíate ca súa doce voz ao río para despois afogarte.

Todos seguían a tradición ata que un neno chamado Iván, que facía o camiño, decidiu ignorar a lenda e non deixar ofrenda. Nun momento, o neno separouse da súa familia para apañar un pau a carón do río e, despois de levantarse, escoitou unha doce voz dunha persoa maior que pedía axuda dende o río, el, ca súa inocencia, acercouse e nunca máis se soubo algo de el, a súa familia pasou moito tempo buscandoo e agora el é outro espírito máis do Tambre.

LEMBRANZAS

O mar trae consigo recordos que crin esquecidos, mais a dor do pasado sempre volve. O mar sempre está ahí. Sempre estivo.

As ondas rompen contra a praia do Orzán, a espuma branca salpica todos os recunchos da cidade. O forte vento percorre os soportais da Mariña e move con coidado as velas dos barcos. Todo segue igual, case intacto, coma se nada cambiase. Coma se ninguén se lembrase de ausencias. Pero eu si.

Co paso do tempo vou esquecendo os recordos, pero aínda podoo verte.

Sentada no muro, mirando o horizonte, coma se nel estivese escrita a nosa historia. Sempre falabas de marchar, de buscar algo máis alá da nosa pequena terra, e eu, insensata, crin que a morriña sería dabondo para facerte volver. Cantos partiron antes ca ti. O porto está cheo de ecos de xeracións enteiras que marcharon con promesas de retorno. Homes que cruzaron o océano coa esperanza na maleta, mulleres que quedaron coa fala calada no peito. Non só levamos o mar na mirada, tamén o levamos dentro, no corazón, empurrándonos, arrastrándonos, separándonos. Tantas cousas que non che dixen, tantos recordos que non se van, tantos días esperando o teu regreso, que xa entendo coma imposíbel.

E agora que xa pasaron tantos anos, e case non me queda tempo, o mar segue batendo nas rochas como daquela, o aire segue soprando con forza, incansable, esgotador, alleo ao peso da memoria que me afoga. As rúas que algún día percorrín da túa man, están agora baleiras, gastadas, vellas. Ás veces, escoito a túa voz

mentres miro ao infinito, mais xa non sei se é un recordo, ou só un xogo cruel da miña mente cansa.

Dende aquí, dende este muro que me sostén como último alicerce, albisco a Torre de Hércules, inmóbil e testemuña de tantas fuxidas. A luz do faro, que durante séculos guiou a tantos mozos, foi tamén a súa última visión cando deixou esta terra. Tiña innumerábeis razóns para marchar, coma tantos homes que nos deixaron porque non querían a vida que tiveran os seus proxenitores.

E aquí estou, outra vez, mirando o mar e esperando por alguén que non ha volver. Non sei se lembrarás o arrecendo a salitre cada vez que pases por algún dos portos de América. Non sei se o vento te abrazará coa mesma forza que aquí. Non sei se volverás. Pero se o fas, esta cidade, esta luz e este mar, seguirán aquí, coma sempre. Igual ca min.

Collín o anaco de papel entre os dedos, sentindo a dor de cada palabra que escribín nel. O mar levaba anos roubándome esperanzas, mais hoxe, por fin comprendín que non volvería. Enrolei a carta con coidado, selándoa cun lazo e desliceina dentro dunha botella gastada. Achegueime á ría do porto da Mariña, e cun último alento de despedida, guindeina ao mar.

A botella desvanécese coma ti aquel día, mais agora por fin sei que podoo marchar.

A Coruña 1901.

“O ECO DA NÉBOA”

Cada 16 de xaneiro, A Coruña amencía envolta nunha néboa que parecía saír dos soños do pobo. Alexander, un investigador británico apaixonado pola historia militar do país, lera a lenda unha e mil veces. Pero aquel ano non se conformaría coas palabras de Leandro Carré. Estaría acompañado de Noa, unha historiadora galega que coñecera o ano pasado, decidiu seguir as pegadas da misteriosa muller que, durante década, visitou a tumba de sir John Moore.

Esa madrugada, o xardín de San Carlos estaba cuberto por unha néboa gris e húmida. O silencio ocupáballo todo. Alexander camiñaba entre os verdes cipreses, a súa lanterna apuntando ao chan empedrado. Noa seguía cun caderno nas mans e unha mestura de dúbida e emoción na cabeza.

— E se só foi unha invención romántica? — preguntou ela, rompendo o silencio entre eles.

— E se non o foi? — respondeu el, coa vista fixa na lápida de Moore.

Ambos acercáronse á tumba. Alí, baixo a inscrición, descansaba o xeneral inglés que decidiu morrer entre os seus homes, sen funeral. Pero o estraño era que sobre a pedra había unha rosa branca, marchita, pero recente.

— Isto non estaba aquí onte — dixo Noa, estrañada.

Esa noite, ao volver do xardín, no vello museo militar, atoparon unha carta sen asinar escrita en inglés antigo. Nela, unha muller falaba dun amor prohibido cun “soldado de triste mirada e valor inmenso”. A sinatura, que non era unha sinatura como tal, dicía: “Túa ata o final, M”. Alexander mirou a Noa, incrédulo e dubidoso.

— Mary? Margaret? Quen era “M”?

— Tal vez nunca o saibamos — dixo ela — Pero o importante non é se foi real. É que alguén amou o suficiente como para desafiar o esquecemento de alguén morto por máis de 100 anos.

Mentres abandonaban o museo cara ás súas casas, un leve murmurio oíuse entre as rúas. Noa xirouse e creu ver unha silueta dunha muller con cabelos louros e rizados. Pero para cando Alexander se xirou, desapareceu por completo.

Dende ese día, cada 16 de xaneiro, Alexander e Noa regresan ao xardín, encontrándose con outra rosa branca marchita e o mesmo misterio que resolver.

CONTROL + Z

Deixa aparcado o libro de Quino, non podían faltar as viñetas de Mafalda nas súas vacacións a Camariñas, e recolle o parasol para marchar da praia.

É hora de saír a cear para consolidar esta pracenteira visita coa que Olalla gozou contemplando as paisaxes e facendo sendeirismo por Trece. Como crítica culinaria, unha das cousas que máis a entreteñen e degustar e saborear pratos de diferentes sitios. Camariñas, terra de mar, é o lugar perfecto.

Adéntrase no corazón gastronómico da vila. Tan só na primeira ollada repara na existencia dunha hamburguesaría e unha pizzería. Queda un anaco máis ollando e ve un establecemento onde preparan kebabs. Aínda coa esperanza de poder probar unhas parrochas ou unhas sardiñas, pregunta a un home por un restaurante de comida tradicional. Escóitalle que o último que queda na zona está moi preto do peche: a clientela fóiselle reducindo de forma considerábel nestes últimos anos coa apertura indiscriminada de exitosos italianos, xaponeses e demais cultura global. A súa faciana reflexa o seu estado de perplexidade.

Mentres camiña polas arterias da vila, a crítica só presenta desilusión no seu emocionario. A gastronomía histórica da zona, metonimia de toda unha cultura, queda esmagada coma cunchas baixo rochas. Outro km 0 cheo de chapapote ideolóxico. Porén, no final do paseo marítimo, a tenue luz dun menú que inclúe xardas fai remexer en ardora os latexos de Olalla. Non todo é a mesma sopa.

ONDE NON VOLVE NINGUEN

Existe unha aldea situada nun dos montes máis altos de Galiza. Encóntrase rodeada por un gran bosque do que é imposible saír.

Dentro da aldea hai arredor de cen habitantes e ninguén sabe como chegaron alí. Viven atrapados, xa que, calquera que intente saír, desaparece.

Os primeiros desaparecidos foron uns pastores, que seguiron unha ruta distinta a que solían seguir coas súas ovellas. Logo, foron uns cazadores, que seguiron un camiño do bosque mentres perseguían un cervo.

Nunca se soubo de ninguén que volveuse á casa tras haber entrado no bosque. Todos desaparecían misteriosamente despois de adentrarse por aqueles estreitos camiños que levaban á algún lugar descoñecido.

Un día, o fillo dun carpinteiro, foi ao bosque, decidido a desmentir todo o que se contaba daquel lugar, xa que el non creía nesas parvadas. Adentrouse naquel escuro bosque e tras un rato andando, deuse conta de que estaba camiñando en círculos. Sen saber que facer, comezou a desviarse do camiño en todas as direccións posibles, pero sempre acababa no mesmo sitio. Estaba atrapado, pero non atrapado nun lugar, senón nun tempo que nunca avanza.

Ao final, os habitantes do pobo déronse conta de que o fillo do carpinteiro nunca volveu, polo que deron coa conclusión de que aquel rapaz, ao igual que os demais desaparecidos, non ía a volver nunca máis. Tras aceptar que non había escapatoria, decidiron que non hai que entrar onde os camiños camiñan sós.

Microrrelato sobre un concello

O BARCO FANTASMA:

Hai unha lenda en Ferrol que fala dun Barco Fantasma. Este barco afundiuse no 1970 fronte ás costas de Ferrol, acabando coa vida de toda a tripulación que o navegaba. O barco chamábase "Costa da Morte" e o seu propietario era o capitán, polo que tamén morreu.

Conta a lenda que todas as noites de outubro os espíritos dos tripulantes navegan o barco nun estado fantasmal por toda a ría de Ferrol. O seu obxectivo é evitar que os pesqueiros exterminen a fauna mariña e para iso afunden todas as embarcacións que intentan pescar.

No ano 2004, un grupo de mozos aventureiros tivo a idea de comprobar se esta lenda era certa. Estiveron meses traballando e preparándose para o mes do outubro e comprobalo. Construíron un barco moi reforzado para evitar que se afundise.

A noite do 26 de outubro saíron do porto exterior de Ferrol coas súas artes de pesca e cando levaban unhas horas navegando decidiron volver a casa, porque non colleran nada.

Ao pasar polo Castelo de San Felipe viron ao fondo un barco, pero non lle deron importancia. En canto viron que este barco xa se dirixía a o seu barco e que ían chocar, entraron en pánico e trataron de evitar a colisión. A piques de chocar, decatáronse de que non había ninguén navegando no barco, entón entenderon que se atoparan coa lenda e tremeron aínda máis, porque sabían o que lles ía pasar. Ían perder a vida nese incidente.

A guerra de Sigüeiro

Era 1795, franceses contra galegos na ponte do río Tambre. Levaban xa dous días de guerra e ningún dos bandos ía ceder a vitoria. O primeiro ataque fora de parte dos galegos, quen esperaban euforicamente a vitoria. Non só se poñía en xogo o territorio, senón tamén a cultura e orgullo dunha nación.

No terceiro día os franceses contraatacaron, cargaron os canons e deron fogo. Os galegos recibiron os doentes golpes e, decididos, mandaron os seus cabalos cos homes coa mellor puntería de toda Galiza, os cales atacaban con frechas. O trote dos cabalos ía quebrando a ponte, deixando marcas. Os franceses, ao ver isto, decidiron empregar, de igual maneira, os seus mellores cabalos. Así creouse un conflito de homes ao lombo daqueles tan fortes animais.

A loita continuou durante días e noites ata que, durante unha noite de lúa chea, un do noso bando achegouse ata o campamento dos inimigos e predeulle lume. Ao espertar co cheiro do fume os franceses decidiron renderse, marchando a trote cara outros lugares que conquistar.

Hoxe en día, aquelas marcas de guerra son as que separan Sigüeiro de Santiago de Compostela na ponte do río Tambre.

Santo André pertúrbame todas as noites, quere máis almas. Non creo que poida seguir coa miña misión.

Río cun ton amargo e o meu corpo recae sobre o altar derrubándose lentamente.

A suor cae pola miña fronte ata as miñas meixelas vermellas mentres horrorosos recordos asolagan a miña mente. O corazón latéxame con forza e as miñas pernas fraquean.

Por primeira vez maldigo o día no que aceptei xogar.

Anos atrás tomaría isto como unha proba de valor para garantir o meu acceso ao ceo, pero agora, despois de que a miña vida se derrubara e nada poida salvarme, por fin abro os ollos de verdade, observando a miña gran caída cara as portas do inferno.

A avaricia, os celos, todo, todo me trouxo ata aquí. Ata un punto inexplicable da miña vida, un no que a dor e a angustia consomen.

Sempre pensei que nai e pai eran dúas almas xemelgas destinadas a estar xuntas, pode que eu fora o imán que as atraía e destruía á vez. Pode que todo fora a miña culpa.

O día do meu dezaseis aniversario, pai non chegou a casa, nai choraba mentres eu a abrazaba e consolaba. Cando pai chegou, eu atopábame na cocíña facendo unha tila para nai. Oín berros así que collín un coitelo do mesado e saín correndo a ver que pasaba, pai e nai forcxaban, nun momento nai caeu e pai abalanzouse sobre ela atacándoa coas súas mans espidas. Achegueime amodo a pai e dunha puñalada craveille o coitelo na xugular. Caeu esborrallado ao chan. Nai, ao ver o sucedido, atravesada pola desesperación e a rabia, comezou a cravarme as súas unllas na cara, eu tentei afastala como puiden, mais non se movía, así que lle cravei o mesmo coitelo co que asasinei a pai no peito, debaixo da mama esquerda. Ela tamén caeu ao chan derramando sangue por toda a alfombra de casimira que a avoa lle regalara.

Comecei a rir e corteime o beizo superior, deixando unha cicatriz que me atormentaría todos os días. Recollín os corpos e subinos ao coche de pai, leveinos ata a igrexa de Santo

André, onde ía todos os domingos con nai, e soterreinos detrás dun carballo que había á beira da capela.

Eu non sabía que os seguintes días tería recordos atormentadores daquela noite. Decidiría ir á igrexa para rezar polo meu benestar, todo iría completamente normal ata que unha voz peculiar comezaría a falarme. Abriría os ollos, mais non había ninguén. Os meses pasaban e a voz continuaba atormantándome cada noite, cada mañá. "Faino. Tráeme máis almas para a miña."

Repetía unha e outra vez.

Como un inepto decidín seguir os pasos que me indicaba. Sentíndome un ser poderoso cando só era un crente de alguén que non existe.

Así me atopo agora. Atrapado e acurrulado. Sen un lugar ao que fuxir. Volvín rir mentres o sangue caía do meu pescozo e perdía a visión.

A MISTERIOSA FONTE DA FOCA

Nun recuncho tranquilo do concello de Oroso, rodeado de árbores e camiños de terra, agóchase unha fonte moi antiga. A veciñanza coñécea como *Fonte da Foca*. Moitos visitantes sorpréndense polo nome, xa que non hai focas en Galicia, e menos nun lugar tan afastado do mar. Pero as persoas máis lonxevas saben que o nome ten unha orixe especial.

Hai moitos anos, os romanos chegaron a estas terras. Construíron camiños, pontes e mesmo pequenos asentamentos. Nun deses lugares, cavaron un burato no chan para recoller a auga que saía dos penedos. Chamábanlle “focus”, que na súa lingua significaba “oco”. Durante xeracións, a xente seguía indo alí buscar auga, e o lugar foi coñecido como *Fonte do Foco*. Co paso do tempo, e como adoita pasar cos nomes transmitidos oralmente, a palabra “foco” mudou e comezaron a chamarlle *Foca*. Así naceu o nome que hoxe coñecemos.

Lúa era unha rapaza de doce anos que vivía preto da fonte. Encantáballe escoitar as historias do seu avó, un home sabio e sempre disposto a compartir os segredos do pasado. Cando pasaban pola fonte, o avó dicíalle: -Lúa, esta fonte non é só auga. É historia viva. Aquí escoitaban os romanos o rumor da terra.

Ela ría, pensaba que eran contos de vellos, pero tamén lle gustaban esas historias que facían voar a imaxinación. Un sábado pola tarde, sen nada mellor que facer, decidiu coller a bicicleta e achegarse á fonte. Quería vela con outros ollos, como se fose a primeira vez.

Ao chegar, sentou nunha pedra e mirou como a auga saía do burato. Todo estaba en silencio, só se escoitaban os paxaros e o suave murmurio da fonte. Lúa pechou os ollos e tentou imaxinar aquel lugar cheo de romanos. Sentía o aire distinto, coma se o tempo se detivese. Achegouse con coidado e bebeu un grollo de auga fresca. E entón, algo estraño pasou.

Durante uns segundos, tivo unha visión. Viu homes vestidos con túnicas, falando nunha lingua estraña, rindo e traballando xuntos para construír algo. Viu como cavaban o burato e como celebraban cando comezou a saír auga. Todo aquilo pareceu real, coma se ela mesma estivese alí con eles.

Asustouse un pouco, pero tamén sentiu unha gran emoción. Era como se a fonte lle estivese contando un segredo gardado durante séculos. Marchou correndo á casa do avó para contarlle todo.

- Viches o que eu vía cando tiña a túa idade -dixo el, sorrindo- Non todos

poden velo. A fonte só fala con quen sabe escoitar.

Dende aquel día, Lúa visitaba a fonte cada semana. Non sempre tiña visións, pero cada vez sentíase máis conectada co seu pobo, coa súa historia. Entendeu que os lugares non son só pedras e terra: gardan lembranzas, emocións e voces do pasado.

E cando alguén novo chegaba ao concello e preguntaba por que aquela fonte se chamaba *Fonte da Foca*, ela sempre respondía co mesmo sorriso tranquilo:

-Se escoitas ben, a fonte cóntache a historia de Oroso.

O CORAZÓN QUE NON FUXIU

Hai moito tempo, nunha praia de Carnota chamada Boca da Ríu, vivía unha serpe xigante que tiña aterrorizada a toda a poboación. Dicían que era tan longa coma un camiño e tan vella coma as pedras do Monte Pindo. Cada certo tempo saía do seu agocho no río e levaba con ela unha alma inocente para comela: unha ovella, un neno, un cabalo. Nada a fartaba. A veciñanza, desesperada, deixáballe ofrendas para ver se se calmaba: pan, leite, carne. Pero a besta sempre volvía.

Un día, a serpe levou o irmán pequeno de Maruxa, unha rapaza forte, decisiva e sen medo ningún. Ela quedou calada, pero algo lle ardeu no peito. Non chorou. Non fuxiu. Decidiu acabar co medo que escurecía as noites do pobo. Lembrou unha historia que lle contou a súa avoa, falaba dunha herba máxica que medraba no cumio do Monte Pindo, unha herba vermella coma o lume, que en mans de quen tivese o corazón limpo, podía derrotar calquera mal.

Maruxa non dubidou en ir buscala. Amasou pan coa axuda da súa avoa, pero non lle dixo para que era. Logo partiu soa cara ao monte. A subida foi longa e dura, o vento cortaba coma unha navalla e as pedras esvaraban baixo os seus pés. Pero ela seguía, non se rendía. Sabía que ía saír ben. No alto, entre fendas das pedras, atopou a Herba do Lume, brillaba moito, era vermella e relucía entre a escuridade.

Ao regresar á casa, Maruxa meteu a herba entre o pan, e foi para a Boca do Ríu. A serpe xa estaba alí esperando a ver que podía papar. Os seus ollos brillaban coma dúas brasas no medio da noite. Maruxa achegouse sen tremer. Non tiña medo. Ofreceulle o pan.

A serpe comeuno con tranquilidade. E entón, o ceo escureceu mais do que estaba. A terra comezou a tremer. A serpe retorcese, berrou, e estoupou nunha luz moi intensa.

Desde aquel día, nunca máis se volveu ver a serpe. A Maruxa lembrárona sempre. Din que, nas noites de chuvia e de inverno, se escoitas ben, o río murmura algo entre a corrente: "Grazas, Maruxa. Grazas por ser o único corazón que non fuxiu"

A princesa

Nunha vila chamada Cariño vivía unha rapaza chamada Xiana, que sempre mostrou moito interese polas lendas e vellas historias esquecidas.

En concreto, sentía moita curiosidade pola lenda dunha princesa celta, a cal morreu e foi enterrada en Cariño, aínda que ninguén sabe onde.

Atraída pola historia que lle contara súa avoa, decidiu indagar un dos lugares máis antigos da súa querida vila.

Estivo por alí ata que sentiu que a observaban, xirouse e pareceulle ver pasar alguén cunha túnica azul detrás dela. Asustouse e decidiu marchar.

Polo camiño, sentiu pasos detrás dela e a agonizante sensación de que a seguían. Xirouse, temendo o que fora ver, pero non viu a ninguén.

- Estás ben, miña neniña?

Sobresaltouse, pero era a súa avoa.

Súa avoa ía levala para á casa, posto que xa escurecía, pero Xiana comezou a sentir unha opresión no peito que non a deixaba respirar, e desmaiouse.

Cando volveu en si estaba nunha cova onde había unha tumba de pedra.

- Vexo que espertaches, miña neniña. Esperei moito tempo, pero aquí estás, es a reencarnación da princesa...

666

Sabedes por que Ponte de Ume recibiu ese nome? Si, a xente máis sinxela dirá “é pda porte que cruza o río Eume”, mais os individuos un tanto cultos contestarán cunhalenda. Unha dama que precisaba de atravesar o río e non tiña con que, atopou un mozo que lle propuxo un trato: se asinaba o pergameo que posuía nas súas mans, cumpriría o seu desexo. Pdo que a muller aceptou, e unha fermosa porte apareceu diante deles... Aínda que o trato era entregarlle a súa alma ao demo, que resultaba ser ese mesmo mozo. En resumen, antes de guiala ao suicidio, a dama en apuro pediu axuda ao Espírito Santo, bla, bla, bla, salvouse, e o nome de Porte-demo derivouse a Porte-deume.

En serio credes esta trola? Pois, señoras e señores, tedes o privilexio de descubrir a verdadeira historia deste municipio!

Remontámonos ao 8 de xuño de 1939. Dous días antes apareceu, xusto na beira do río, o corpo (segundo os forenses, asasinado) de Dona Cristina de Burgos, unha dama de clase alta cun marido de éxito similar e dúas fillas.

A protagonista esta vez é unha intelixente detective: Sara Ume. Os policías crían que, despois do ocorrido no país (Guerra Civil), tratábase de terrorismo, mais Sara non pensaba igual.

Decidiu observar a escena do crime. Destacou o símbolo de Satanás debuxado no tronco dunha árbore, o corpo da pobre muller levado pda ambulancia e a familia, desconsolada pda traxedia. Acompañou os coñecidos da falecida á rúa 6, a dirección da súa casa, para facerlles algunhas preguntas.

-O día anterior, xa levadas as nenas á cama -empezou o marido -, deiteime cedo, e deixei a Cris no salón vendo a televisión. Á mañá seguinte, decateime de que non estaba ao meu carón, e supuxen que se levantara antes ca min... Pero non aparecía por ningún lado, e non contestaba. Chamei á policía, e non tardaron en atopar... -suspirou entre lágrimas.

Xa sabedes que ocorreu, verdade? Non? Bueno, supoñoque non podeades ser tan astutos coma Sara. Antes de marchar, cando rematou o seu labor, decatouse de uns folios asinados: eran os papeis de casamento. De súpeto, unha amiga da vítima bisboulle: “pode parecer un bo home, pero o marido é malo como un demo”.

Agorasi, non? Todo encaixaba: o asasinato cometeuse o 6 do 6, a vítima era da rúa 6... Quen non di que o culpable vivira tamén alí?

Fixo o amago de saír, mais a porta estaba pechada. Sara xirou e atopou ao home ameazando as súas fillas cunha pistola. “Se vos movedes ou dicides algo, pasarán a estar coa súa nai”, berrou por toda a casa. Por sorte, Sara avisou á policía xusto a tempo. Irromperon na vivenda e arrebatáronlle a arma das mans. Outro caso de violencia de xénero, resolto.

O pesadelo fíxose tan coñecido, que consideraron á detective Ume unha das mellores do país, e na súa honra, construíron unha porte xusto no lugar do descubrimento do cadáver, a Porte de Ume.

Segredos baixo a auga

Nunha tarde calorosa de verán , Marcos e os seus amigos estaban a xogar polas corredeiras de Dumbría, cando sen darse conta afastáronse algo máis do habitual, e descubriron un camiño polo que nunca antes chegaran a pasar.

A curiosidade de todos e o aburrimiento levounos a seguir o camiño que para a súa sorpresa ía dar o embalse, que nesa época do ano e coas poucas choivas dese inverno, atopábase moi baixo, e por esa razón puideron ver unha cruz. O principio non entendían que facía unha cruz no medio do embalse, pero o acercarse decatáronse que a cruz estaba enriba do que parecía ser un campanario dunha igrexa.

Non entendían como no medio dese enorme embalse podía atoparse unha igrexa. Decidiron volver a casa e contar o que acababan de atopar, porque estaban seguros que ninguén o sabía, xa que nunca oíran falar de semellante cousa.

Ao chegar á aldea atopáronse coa avoa de Marcos, e contáronlle o que acababan de ver. Ela moi triste, púxose a chorar.

Non entendían nada !

Por que choraba?

Xa sabía que alí había unha igrexa?

A avoa pouco a pouco foise tranquilizando e contoulle que alí non só había unha igrexa senón que anos atrás era a aldea de *Rebodelo* onde vivían moitos dos veciños, incluídos os pais de Marcos, que traballaron na construción do embalse, e alí foi onde morreron, nun accidente a hora de facer a presa. A avoa tamén lles explicou como todas as familias que alí vivían tiveron que deixar as súas casas e volver a empezar novas vidas noutras aldeas cercanas.

Os rapaces non sabían que dicir, das súas bocas non saían nada e dos seus ollos saían bágoas que escorregaban polos seus rostros estrañados polo que acababan de oír.

O relato fai referencia a un lugar do concello de Dumbria, concretamente a un lugar asolagado e desaparecido.

O MUÑO DA SENRA

Nunha pequena aldea coñecida como A Senra vivía unha señora chamada Áurea. Ela non tiña nada que a fixese especial á vista dos demais, vivía como calquera outra persoa na aldea, na súa casa de pedra e traballando nos labores do campo. Non destacaba por nada extraordinario, pero si por formar parte dunha comunidade que daba valor ao cotián. Unha das cousas que fai especial ás aldeas como esta son os veciños e o que fan por mellorar a súa vida e a súa contorna, ás veces con pequenos xestos que deixan uns importantes recordos. Nesta pequena historia, os protagonistas son Áurea e o *Muño* da Senra, unha construción que, durante anos, mellorou a vida da xente desta humilde aldea.

A Senra é unha aldea situada no municipio de Dumbría, na provincia da Coruña. É un deses lugares que moitos poderían pasar por alto, pero que agochan moitas historias que vale a pena escoitar.

Na Senra, Áurea recordaba con nostalxia os días nos que o muíño seguía en funcionamento, dándose conta do importante que era para todos os veciños. O muíño era o lugar onde moían o millo, principalmente para usalo como alimento para as vacas, aínda que tamén se lle daba uso para facer a broa. Era un punto de actividade constante e necesario, e tamén unha excusa para o encontro e a conversa.

Recordaba con claridade como era aquilo de ir moer. Tiñan un día e unha noite á semana asignados para usar o muíño. Pola noite ían recoller o que se moera polo día, e levaban consigo unha especie de antorcha fabricada dunha maneira moi especial e artesanal. O que usaban para prender o lume era a “dobla” do xugo das vacas, que cando se rompía ardía moi ben, ao ter “pinque” sacado do touciño. Con aquela luz case máxica e coa compañía das estrelas no ceo escuro, os veciños da Senra facían camiños que hoxe parecen inexistentes, pero que entón estaban cheos de vida, pasos, risas e conversas e algún que outro namoramento.

O Muño da Senra non era só unha ferramenta de traballo, senón tamén un lugar de encontro, de historias compartidas e de colaboración entre veciños. Co tempo, o muíño deixou de usarse, coma moitas outras cousas no rural, pero na memoria de Áurea e doutras persoas da aldea segue moi vivo o seu recordo.

Quizais algún día alguén decida restauralo, devolverlle a vida e facer que volva a moer, non só millo, senón tamén recordos. Porque lugares como o Muño da Senra non deben desaparecer, pois gardan a historia pequena pero fonda dunha aldea que soubo vivir con pouco e compartir moito.

O relato fai referencia a un lugar do concello de Dumbría. Fai referencia á tarefa de ir moer ao muíño en tempos antigos.

Segredo do faro de Fisterra

A néboa abrazaba a costa coma unha cortina de misterio. As ondas rompían contra as rochas, mentres o faro de Fisterra espertaba, facendo xirar a súa luz para desafiar a escuridade. Para Mariña, aquel lugar non era só a fin da terra, senón tamén o inicio de todas as historias que poboaran a súa infancia.

Medrara escoitando os contos do seu avó, o vello gardián do faro. Faláralle de naufraxios, de mariñeiros salvados pola luz e de almas errantes que aínda buscaban o camiño de regreso. Mais había algo na súa voz, unha sombra dalgún segredo que nunca quixera desvelar.

Naquela tarde de primavera, o mar ulía a salitre e a promesa de tormenta. Mariña, impaciente e curiosa, decidiu que era hora de atopar respostas. Subiu pola costa entre toxos e herbas danzantes, ata que as pedras gastadas do faro lle deron a benvida. A porta, vella e oxidada, abriu cun renxido que pareceu espertar os ecos do pasado.

No interior, o farol xiraba con delicadeza, proxectando a súa luz sobre o océano sen descanso. Entre os vellos mobles e cadernos esquecidos, Mariña atopou unha pequena caixa de madeira. Dentro, unha nota amarelada polo tempo agardaba ser lida.

“A luz non guía só aos barcos. Tamén acompaña ás almas que buscan paz.”

Mariña sentiu un calafrío percorrerlle a pel. O avó sempre falara do lume de San Telmo, aquel resplandor azul que protexía aos mariñeiros. Mais agora comprendía. A luz do faro non só era un sinal para os vivos, senón tamén un consolo para quen nunca regresara a terra firme. Ao erguer a vista, a Mariña pareceulle ver algo no horizonte. Un parpadeo lonxano, como unha estrela que se despedía. E naquela fragilidade luminosa, sentiu a presenza do seu avó, vixiante eterno da Costa da Morte.

O relato fai referencia ao faro de Fisterra

TOLÓN, TOLÓN

No concello de Ortigueira, concretamente no pobo de Espasante, había unha familia pasando unha marabillosa xornada e entre eles, unha rapaza cos seus avós, os seus pais, os seus tíos, a súa curmá e Rula que era a cadela desta última.

A súa curmá e ela eran moi distintas e á súa vez moi parecidas, xuntas eran unha explosión de felicidade e aventura, pero sobre todo eran dúas rapazas novas que amaban os animais e os filmes.

Era Abril, e como di o refrán “Abril augas mil”, escampou e pensaron en dar un paseo e ver Espasante, un pobo, curioso, colorido cunhas praias increíbles e cun porco como mascota, chamado Antón!

O porco Antón remóntase ao século XVIII cando os veciños da zona quixeron construír unha capela a Santo Antonio. Para iso recolleron fondos e decidiron criar un porco entre todos e despois rifalo. A tradición persiste, así que as nenas ao ser algo novidoso e interesante para elas, decidiron ir na súa busca, pois anda en liberdade polo pobo.

Deron moitas voltas e voltas para atopalo, preguntaron por el e as xentes sinalaban algúns recunchos onde buscar ata que, de súpeto escoitan: tolón, tolón!!! O porco Antón atopábase ao seu carón!

Fisterra: O segredo do faro

A brisa salgada acaricioulle a cara cando Maruxa subiu pola senda empinada cara ao faro. As botas de auga esvaraban nas pedras molladas pola mañá de néboa, pero ela non se detiña. Non hoxe. Non cando levaba semanas gardando valor para isto.

—¡Espera! —chamou unha voz entrecortada polo vento.

Maruxa xirou. Na curva do camiño, unha sombra movediza entre a bruma. Un raposo, co pelo da cor das rocas baixo o sol de inverno. Observouna un instante, como se avaliase as súas intencións, antes de desaparecer entre os toxos.

—Xa ves —murmurou para si mesma—. Ate os animais de aquí saben que non debería estar a facer isto.

Pero seguiu. A torre branca do faro erguíase xa diante dela, a súa luz apagada de día. Sabía que o vixía só abría as portas ao luscofusco, mais hoxe non ía esperar. A man tremeulle un chisco ao tocar a aldraba de ferro, fría coma o fondo do mar en decembro.

—¿Alguén...? —a voz rompeuse no eco do vestíbulo baleiro.

As escaleiras de caracol xemían baixo os seus pasos. Cada chanzo que subía era un latido máis forte nos ouvidos. Cento trinta e oito pasos despois, o vento arremeteulle contra o pelo cando saíu á galería superior. Dende alí, Fisterra estendíase coma un cadro vivo: as rochas negras mordidas polas ondas, a praia do Mar de Fóra con seu colar de espuma, as barcas balanceándose no porto como xoguetes esquecidos.

Pero non fora pola vista. Abriu a mochila coas mans frías. O caderno de debuxos, gastado nas esquinas, gardaba o que non se atrevía a dicir en voz alta: bosquexos do faro en todas as súas facetas. Ao amencer, coa néboa colgando das súas fiestras coma cortinas de tea. Ao serán, cando as últimas lanchas pintaban liñas douradas no mar. E naquel nocturno especial, cando unha aurora boreal —¡aquí, en Fisterra!— tingüira o ceo de verde esmeralda.

—Cheguei a pensar que eras unha lenda —dixo unha voz detrás dela.

Maruxa case deixa caer o caderno. O vixía do faro, don Xurxo, apoiábase no marco da porta coa barba gris revolto polo vento. Pero non parecía enfadado. Nos seus ollos azul mar brillaba algo que podería ser... ¿curiosidade?

—Desculpe, eu só... —comezou a moza, mais el ergueu unha man calosa.

—A última persoa que me trouxo bosquexos así foi miña neta. Antes de marchar a estudar a Santiago.

Maruxa tragou. A lapis no caderno, unha raia de luz do faro atravesaba a escuridade coma unha estrela caída. Debuxara aquilo despois da noite en que o barco do pai case naufraga na Costa da Morte. Cando comprendera que mesmo na escuridade máis densa, sempre queda un facho que guía.

—Quería... —a voz quebrouse—. Quería que alguén vise que Fisterra non é só o fin do mundo. É... é onde comezan as cousas.

Don Xurxo acariciou a páxina cun dedo caloso. Na marxe, Maruxa escribira en letra pequeniña: "*Aquí, ata a escuridade ten luz propia.*"

—Ven —dixo o home, sacando unha chave do peto—. Hoxe, a porta do faro abrirá dúas veces.

Cando Maruxa baixou ao luscofusco, traía nas mans máis que un caderno. Traía a certeza de que ás veces, para atopar o propio camiño, hai que subir primeiro ata onde o vento canta historias de sal e valentía.

E no porto, entre as redes secándose, o raposo observou como a primeira luz do faro acariciaba o horizonte. Como se o mar, por unha noite, decidise gardar todos os naufraxios para contar outra historia.

Algunha vez escoitaches o dito "A San Andrés de Teixido vai de morto que non foi de vivo"? Pois aquí encóntrome eu, en San Andrés de Teixido, xa que o meu pai sempre quisu ir e non tivo oportunidade, entón viñen eu por el.

A verdade é que é un lugar moi bonito e recordame moito a meu pai xa que el sempre dicía que este era o seu soño, unha mágoa que non puidese vir de vivo e eu non puidese vir con el.

Pasei alí todo o día e ao marchar notei como unha sensación que non me deixaba ir. Mirei as persoas que estaban preto de min para ver selles ocurría o mesmo pero estaban camiñando tranquilas e ninguén me miraba.

No chan vin unha especie de camiño de pedras e sentín que debía seguilo, un anaco despois atopábame no bosque pero o camiño seguía así que continuei

camiñando.

De súpeto, mentres camiñaba, notei unha man no meu brazo e xireime para ver quen era. Alí estaba o meu pai e eu estaba moi extrañada: Que tacía el alí? E o mais importante: Como? Pero enton el comezou a talar:

"Canto tempo, tilla" el sorriu "Vexo que ti

tampouco puidiches visitar San Andrés de Teixido de viva"

O Zombi

O meu campo de visión viuse reducido a unha horrible mandíbula que se achegaba cada vez máis a min. Tiña os dentes todos amarelos e podres. Talvez nun pasado fose fumador. Mais que importaba iso agora, cando che están por esgazar a carne a dentadas? Non lles chegaba con cuartearme, non. Comezo a sentir como me crava os cairos e sinto unha dor aguda apoderándose do que queda de min. Xa o viñan anunciando cando viron o primeiro:

a apocalipse achegábase, viñan por nós. Íannos papar e non iamos quedar ningún. Tiñamos que escapar. Pero a hora chegou antes do previsto, e a min non me deu tempo. Estes son os meus últimos pensamentos antes de finir na Terra de Melide; os últimos pensamentos dun triste polbo á feira.

Un polbo perdido en Melide

Un día, camiñando por Melide, entrei á polbeira para poder comer un bo polbo de aquí. Ao probalo, estaba moi bo, aínda que antes de acabar de comelo, escoitei unha voz pedindo axuda. Dirixinme a onde a escoitara e alí atopábase un polbo intentando non ser comido. Contoume que escapara do prato só porque quería desfrutar das festas de aquí e pasalo ben.

Despois de todo iso, collino e leveino comigo a pasalo ben; quedou un moi bo recordo e á fin marchou nadando polas augas melidenses.

Dende ese día, antes de comer, miro o prato a ver se alguén necesita axuda.

O carballo do camiño

A nena chegou a Furelos e, cando ía cruzar a ponte medieval, atopou unha meiga. Esta, rindo, díxolle que tivera coidado coas árbores, en especial cos carballos. E marchou sen dar máis explicacións.

A nena non entendeu nada e ao día seguinte, canse puxo a andar de camiño a Santiago, pasou por un bosque cheo de carballos.

Cando andaba deuse conta de que un dos carballos que alí había, o máis vello, parecía respirar.

Decidiu tocalo e entón oíu: “grazas por espertarme”.

Dende aquel día, os carballos que se atopan pola ruta do camiño de Santiago, cada vez que ven pasar nenos, cobran vida.

A negra sombra

Encántame estar á beir**A** do río, mentres a suave e doce brisa da primavera me desenmaraña os cabe**L**os. Desfurto do alegre piar dos paxariños e das cores vivas que aínda podo apreciar. Pero a escuridade es**T**á a piques de chegar. Porque pronto a Negra Sombra se vai apode**R**ar de todo. Va**I** tinguir de dor e negrura o río; o meu ceo azul quedará cuberto du**N** gris irrespirable, e os nenos que xogan nos prados non volverán a escoitar o canto d**O**s paxaros.

E o que máis me entristece é non saber que será de min. Non sei se a próxima primavera os meus louros cabelos volverán a brillar coa luz do sol.

Espero que me recorden ca**N**do xa non estea, e que sigan loitando para a que a Negra Sombra non se instale aquí.

A meiga do camiño

Na vila de Melide, cada día pasan moitos peregrinos facendo o Camiño. Pero moitos temen pasar esta etapa arredor das 6:00 da mañá. Isto ocorre porque hai unha lenda que flaa dunha meiga que, se pasas diante da súa casa a esa hora, bótache un conxuro que che provoca unha lesión nunha perna. Moita xente ría ao principio, dicindo que eran contos de vellas... ata que sufriron escordaduras e dores inexplicables. E sempre á mesma hora. O máis estraño é que ninguén sabe cal é a casa da meiga. Hai quen di que é unha casa en ruínas; outros que é unha de cor vermella, pero o única que se sabe é que só se manifesta nos que se burlan da súa lenda.

Dise que hai un diario perdido, atopado por un peregrino alemán, no que se conta como alguén chamou "meiga tola" e, horas despois, rompeu o nocello preto de Arzúa. Dende entón, os que cren na historia evitan curzar Melide a esa hora.

Porque no Camiño, rir dunha lenda pode custarache unha perna, ou mesmo o regreso.

Melide

A praza do Convento chea de alegría; o parque de Rosalía cheo de nenos vivindo os seus momentos máis felices; os bares da zona dos viños ateigados de xente que comparte sorrisos, e n o mirador do Castelo, aqueles dous namorados compartindo o seu primeiro bico...

Ao levantar a vista do meu caderno, o único que vezo nese mirador é o paso do tempo que vén acompañado de soidade, tristeza e ruínas. Aquilo que antes estaba iluminado pola felicidade, agora está cuberto pola dor dun pobo perdido. escribo a última frase no meu caderno, mentres as cinzas do que foi Melide se espallan co vento.

O meu barrio está repleto de arte

Cando vou pola rúa, parece que as pinturas falan. Contanme historias tanto de medo coma de aventuras, pregúntanme como estou e vixíanme por todas partes.

Quedei cos meus amigos no parque e, polo camiño, pensaba que estaba nunha galería de arte: todas as Meninas, de diferentes cores e tamaños, con distintos estilos e coa sinatura de cada artista.

En cada lugar había luz, en cada lugar sentía algo diferente. escoitaba cousas distintas que ás veces me interesaban e outras non tanto.

Ía cos meus amigos pola estrada e parecía que sempre tiña un amigo máis: as paredes das rúas camiñaban connosco. Os meus amigos de fóra quedaban abraiados; en cambio, eu, afeito a todo isto, intentaba explicarlles que era algo normal, que as pinturas falaban sen parar, pero que eran boas persoas.

En fin, eu sinto que o meu barrio nunca cambiará, porque isto é o barrio de Canido, onde a arte invade todas as rúas sen parar.

No banco de Castelao. (Rianxo)

A avoa Carme sempre dixo que Castelao nunca morrera completamente nin marchara de todo de Rianxo e que seguía sentado no seu banco, na súa praza, a Praza de Castelao, ollando a paisaxe galega co agarimo de sempre.

Cada tarde, ao saír da escola, Antón acompañaba a súa avoa ao banco. Sentaban alí, xuntos, fronte ao calmado mar de Rianxo cheo de dornas. A avoa faláballe das súas vivencias con morriña, e tamén dicía que dende ese banco se podía sentir todo, só se sabías calar, escoitar e observar. Antón, calado, simplemente miraba á súa avoa, e repetía as súas palabras na memoria, a pesar de non entendelas.

Un día, a avoa non chegou. O banco quedou baleiro, ou semellaba estalo para todos.

Anos despois, Antón regresou a Rianxo e sentou no banco. Lembrou a súa avoa e ás súas palabras, calou, observou o mar, escoitou as ondas e as campás da igrexa de Santa Comba, e entón sentiuno todo, sentiu a calor da compañía a ámbolos lados do banco, e Antón non quixo marchar.

As bágoas do pazo.

A noite caía no Pazo de Meirás, situado no concello de Sada. Este, pertencera a personaxes galegos moi destacados como Emilia Pardo Bazán; sen embargo, daquela, era propiedade dos meus avós. O pazo era o mellor lugar para facer grandes celebracións e convidar a xente, grazas ao seu amplo xardín e ás instalacións de estilo romántico, imitando a arquitectura dos castelos medievais, que farían que os convidados se sentisen noutra época da historia. De aí, deducín que estas eran as razóns polas cales os meus pais decidiron celebrar un evento. Non obstante, todos os invitados vestían cores sobrias e a atmosfera que o cubría, estaba envolta nunha néboa de tristura e desacougo. Tentei falar coa miña nai, que se atopaba ao fondo do corredor máis longo do pazo. A medida que me achegaba a ela, puíden ver unhas bágoas que lle recorrían as meixelas.

Distraída polas bágoas, non me decatei que unha candeia estaba queimando a punta do meu dedo índice. Porén, non sentía nada...Como era isto posible? Apartei o dedo da chama rapidamente, pero non había nin queimadura, nin dor; só eu no medio do corredor confusa e abraiada.

Sen perder máis tempo, dirixinme, moito máis rápido cara a miña nai. Ao chegar, comecei a contarlle o que me acontecera, ignoroume. A súa mirada continuaba perdida, parecía que eu non estaba alí, que non existía; e... sen dicir nin escoitar nada do que lle contei, marchou. Ao afastarse, deixou á vista un espello circular colgado da parede que marcaba o final do corredor. A miña mirada dirixiuse cara el, pero un arrepío percorreu o meu corpo ao contemplar o que reflectía, meu reflexo non estaba alí!

Estaba totalmente desorientada, as paredes do corredor facíanseme cada vez máis estreitas.

Ao recuperar o alento, decidín ir ao salón do pazo, a ver se o meu pai non me ignoraba e podía darme algunha resposta ao que me estaba acontecendo.

Cando entrei no salón, os meus ollos dirixíronse automaticamente cara un ataúde colocado no centro da sala. Sobre el destacaba unha brillante placa dourada co meu nome gravado nela; isto confirmaba a miña realidade.

Onte, explorei o Monte San Pedro cos meus compañeiros de clase e foi unha experiencia enriquecedora. A panorámica da cidade e do océano era impresionante, un espectáculo visual que capturamos en numerosas fotografías para as nosas redes sociais.

Iniciamos o ascenso no teleférico, unha estrutura esférica de cristal que se desprazaba pola ladeira. A sensación de elevación era fascinante, aínda que algúns experimentamos unha leve sensación de mareo. Desde a cima, observamos os canóns históricos, imponentes restos de épocas pasadas. Imaxinei o estrondo dos seus disparos, un eco afastado da historia.

Adentrámonos no labirinto vexetal, un xardín enrevesado con setos que desafiaron a nosa orientación. A procura da saída converteuse nunha aventura chea de risas e traballo en equipo.

Visitamos a Cúpula Atlántica, un miradoiro circular que ofrecía unha vista de 360 graos. O porto, as praias e as illas estendíanse ante nós, unha paisaxe que nos invitaba a pensar sobre a xeografía e a historia do lugar.

O descenso realizámosto a pé por un carreiro con moitas voltas entre a vexetación. O aroma dos piñeiros e a brisa mariña acompañáronnos no camiño, mentres o canto das aves

creaba un ambiente relaxante. Foi unha excursión educativa e entretida, unha experiencia que sen dúbida repetiremos.

A sombra da torre

Despois dunha longa e ruidosa semana na cidade, chegou á Torre de Hércules á noite buscando un pouco de paz e tranquilidade. Quedou en silencio preto dos cantís coa brisa do mar acariñando o seu rostro, deixando que o son das ondas rodeáseo. Misteriosamente, o faro non funcionaba. Mirou ao horizonte, sentindo unha estraña falta, coma se algo se lle escapase entre os dedos. Uns minutos despois, a luz da Torre volveu acenderse, pero o que realmente necesitaba xa se fora.

Cedeira

Na pequena vila de Cedeira, a lúa brillaba intensamente sobre o mar, espallando a súa luz nas ondas tranquilas.

Marta, unha nena de dez anos, paseaba pola praia cos seus amigos, Xoán e Lucía. Estaban a buscar conchas e a contar historias sobre piratas e tesouros agochados. De súpeto, Xoán atopou unha caixa antiga enterrada na area. Cheos de emoción, abriron a caixa e descubriron un mapa vello, con marcas que indicaban un lugar secreto na costa.

Decidiron seguir o mapa ao día seguinte, mentres o sol se poñía, pintando o ceo con tons cálidos. Ao chegaren ao lugar sinalado, atoparon unha pequena cova, oculta entre as rochas. Dentro había un cofre de madeira, cuberto de po e herba mariña. Xoán, con mans tremantes, abriu o cofre e atoparon moedas antigas e unha carta que falaba dun mariñeiro que amara Cedeira e deixara o seu tesouro para quen o atopase.

A noite caía, e os rapaces sentíronse como verdadeiros exploradores, co corazón cheo de emoción e coa promesa de novas aventuras na súa fermosa vila.

A MENSAXE NA AREA

Na praia de Esmelle, Antía paseaba soa pola beira do mar. O día era fermoso e o mar estaba tranquilo.

De repente, viu unha botella medio enterrada na area. Dentro, había un papel. Antía abriuna con coidado. No papel poñía con letra antiga e gastada, aínda que se podía entender:

“Se atopas esta mensaxe, mira cara ó outeiro cando se poña o sol”

Antía volveu pola tarde, subiu ó outeiro e sentouse a mirar o solpor.

Cando o sol estaba case escondido viu algo brillar entre as pedras.

‘*Que era aquilo?*’, preguntouse. Acercouse e era unha caixa o que brillaba.

Antía a abriu con coidado e atopou unha cuncha dunha cor vermella e branca moi bonita e unha nota. Cando Antía a abriu era a mesma letra antiga e gastada que na botella na area. Na nota poñía:

“Cada lugar ten o seu segredo, ti atopaches o de Esmelle”

Antía sorriu, non era un tesouro de xoias e moedas como os das películas famosas que dan na televisión, pero era algo especial, algo que ía ser só dela.

Coa cuncha fixo un colar e cada día sentíase máis conectada con ese lugar, máis conectada con Esmelle.

En Doniños, os aires sopraban como a última vez.
Ela, caminaba pola área como aquel último momento, que ía acabar en sufrimento. Desde aquela ocasión, ela non sentiu a mesma emoción.
Esa ilusión, ao paso do tempo, rematou.

Hai un recuncho preto do mar onde todo ten sentido. Alí fun co meu pai por primeira vez. El collíame da man forte, coma dicindo “*non te soltes*”. E eu, sen saber ben a que ía, quedei calado mirando aquela bancada chea de xente berrando e con bengalas branquiazuis coma se lles fora a vida niso. E igual si que lles ía.

Ese sitio non é só pedra nin herba. É onde nos xuntamos sen precisar moito máis que querer estar. Onde os que xa non están seguen estando, dalgunha maneira. Onde cada gol é un abrazo e cada derrota unha aperta sen palabras.

Aquí vivimos cousas que non se explican. Berros que saen do fondo dos blues , choros compartidos, risas que estoupan sen razón. Aquí medramos, caemos, volvémonos erguer. Este sitio non nos salva, pero acompáñanos. Sempre.

Porque aquí, mesmo cando todo vai mal, sabemos que non estamos sós. Aquí, nunca baixamos os brazos.

A sombra que espera

A miña nai contoume a historia máis triste de Santiago. Un cura novo e unha monxa nova namoráronse ás agochadas. Falaban en segredo, e víanse polas noites a través dun túnel que pasa por debaixo das escaleiras da Quintana, xusto detrás do Obradoiro.

Planearon fuxir xuntos. Ían marchar pola noite, cando ninguén os vise. El chegou á praza primeiro, escondido entre as sombras, co corazón a mil. Pero ela... non apareceu.

Din que a descubriron antes ou que tivo medo e quedou no convento. O que si é certo, segundo a lenda, é que o cura nunca se moveu de alí.

A súa sombra quedou pegada no chan da Praza da Quintana, mirando cara á Porta Santa, esperando por ela. Sempre no mesmo sitio. Nunca entra na catedral. Nunca se marcha.

Eu vin a sombra. Está alí de día e de noite, sen corpo, sen voz, só esperando.

O máis raro é que... ao lado, ás veces, vese outra sombra máis pequena. E parece que agora si están xuntos.

A miña salvación

Aínda recordo aquel frío verán do 89. O Portiño era a fonte de sabedoría de tódolos pescadores. Se querías un bo arroz, debías mercar chipiróns no mercado. Se querías unha lubina limpa, debías chamar a Rodolfo do Castro para que cha limpara. Pero se o que querías era conxeniar coa mar, debías chamar a Vicente.

E iso fixen eu.

Aos dezasete anos eu, Leonardo Gutiérrez, era un rapaz levado pola corrente, sen unha idea fixa de que facer na vida. Miña nai levaba un tempo intentando convencerme de que rematara o instituto e marchara á universidade, pero eu sempre lle dicía que o meu destino estaba neste pobo.

Estresado pola constante insistencia da miña proxenitora para que o seu único fillo fixera algo eficiente na súa existencia, grazas ao avó coñecín a Vicente Cunqueiro.

Este mariñeiro experto tras décadas pescando seres acuáticos non era un novato calqueira. Aos seus sesenta e seis anos, este home vira máis peixes xuntos ca Popeye o mariño. Sempre que me vía inseguro cando levaba a cabo as miñas labores dicíame: “Ninguén nace sabendo Leo, mais si cun talento oculto que se descubre co paso dos anos. Ti atopáchelo, só hai que darlle tempo”.

Neses dous anos que levaba traballando con Vicente nunca perdera o tempo con distraccións, pero aquela mañá dun martes non puideron evitalo. Andaba de aquí para alá levando caixas de ameixas a lonxa a punto de volver a embarcar para continuar a miña traxectoria matutina con Cunqueiro, pero cando me estaba a agachar para coller a última caixa, un esbirro agudo sobresaltoume. Levantei a vista, e cal foi a miña sorpresa cando vin a unha cativa da miña idade co cabelo castaño longo, os ollos verdes e cun vestido morado cunhas bailarinas a xogo mirándome fixamente.

-Esta zona é só para pescadores...chica. - díxenlle en castelán, ao fixarme en que non parecía de aquí

Observou o porto baleiro, e logo botoulle un vistazo as súas bailarinas, que estaban cheas de barro. Por último, miroume con eses ollos verdosos con desconfianza e cruzou os brazos.

-Se o soubera, non estaría aquí -dixo nun perfecto galego e sorbeu o nariz (“vai pillar unha boa”) -e por qué..? Por qué vai tanto..?

-Frío? -preguntei levantando unha cella- isto é Galicia, chica, porque dou por suposto que non eres de aquí.

-Son de Asturias, meus pais naceron aquí- (“por iso falaba tan ben galego”) - pero non me advertiron de que agosto parecería xaneiro.

-Xa, adoita pasar- acerqueime e púxenlle o meu abrigo por enriba - sinto o cheiro a pescado, chámome Leo, por certo.

-Eu son Mencía- sorriu nun xesto de agradecemento (“de quen herdaría eses ollos?”) - traballas aquí? - preguntou sorprendida.

-Sí, señora. -asentín, mirándoa atentamente, observando cada centímetro da súa faciana.

De súpeto, Vicente chamóume ao lonxe e Mencía deu a volta e botou a correr para abrazalo con forza.

-Miña sobriña favorita, estábate a buscar!- deulle dous bicos- Por deus, túa nai non te podía dar un abrigo? Hoxe vai un frío que pela!

-Non te preocupes, tito, Leo prestoume seu abrigo- sinaloume e Vicente lanzoume unha mirada que claramente significaría “Como lle fagas dano a miña sobriña bótote pola borda” que me fixo deixar de sorrir.

Este suceso producido o dous de agosto de 1989 non só me fixo coñecer a miña esposa e a nai dos meus tres fillos Lolo, Pedro e Gema e atopar o meu camiño. Tamén me salvou da terríbel tormenta que se aveciñara quince minutos despois e da que non habería saído se Mencía non esbirrara.

Poeta en Rianxo

Oh, Rianxo, gran terra de poetas! Nai de virtuosos, atópome eu apremado ante a túa historia e a dos teus fillos que tanto lograron e marcaron na memoria galega.

Todos os días de camiño ao meu funesto traballo paso polo paseo de Ribeira e vexo aí, a estatua do teu lendario fillo, lembrándome o que todos cren que son e o que serei.

Chego ao meu soporífero oficio, un acolledor e húmido quiosco, cuxo sorprendente aroma a antigüidade, xa parte de min, espérame para que mostre ao mundo as noticias do gris día.

Mentres abría o pequeno posto xa vía á distancia a aquel redondo home, con bastón e circulares lentes. Torcín a boca ante a súa presenza.

- Bos días gran poeta – dixo o ancián relucente.

- Agostiño, que tal amenceu? Xa sabe que non me gusta que me chame así -o home riu.

- Digo a verdade mozo- dixo convencido- Dáme as penurias do día, anda.

Cumprín o seu pedido, deille o xornal e o home foise. Senteime nese incomodo tallo mal tapizado e dei por feito que así empezaba a miña xornada. Saquei o meu caderno, aquel no que escribo o que me fará o seguinte orgullo da miña nación, ou iso é o que din todos.

Vólvome a enfrontar a esa páxina en branco que espera ser eloxiado e prestixiado con palabras, pero iso non vai pasar, os dous sabémolo. Aínda así, inténtoo.

Que día máis feo, teño frío e síntome mollado. Esquecéuseme o meu café, debería comprar un? Mellor espero.

- Bos días, mozo. Estás escribindo? Seguro que é tan marabilloso como o que escribía Castelao ou Dieste, serás tan grande como eles, sábelo, verdade? - dedíquelle un leve sorriso.

- Que desexa? - deille o que quería e seguín co meu, a páxina en branco. Mirei ao teito por un intre, logo aos xornais excesivamente poeirentos, ao lapis, ao reloxo, á botella de auga cunha única pinga de auga dentro e á araña da esquina tamén.

A miña musa non aparecía desde había días, se cadra nunca tiver unha e só escribía sobre o escrito. Iso, téño, teño algo. Collín torpemente o bolígrafo e escribín á velocidade dos meus pensamentos. Non ía defraudalos.

- Bos días! - saudou Dores, a cal miraba o meu caderno entusiasmado – Xa podo ver a fermosa estatua que van facer de ti no futuro, vas ser moi exitoso.

- Grazas... – deille a súa revista e continúe. Mirei a folla agora xa con esperanzadora tinta negra nela. Miro o escrito, como seguía? Esqueceume. Miro o trazado anteriormente. Non me gusta, táchoo e escribo encima. Tampouco me gusta. Ese maldito sentimento invádeme de novo. Medo, rabia, impotencia. Arrinco a folla e aparto o caderno lonxe da miña vista. Deixo que o día transcorra pesadamente, como sempre.

Oh, nai, dille aos demais o que non son!

Desde o alto

Concello: A Coruña

Desde o alto da emblemática torre, conmemoración do triunfo dun heroe lendario, cuxo cometido dos seus traballos heroicos era a penitencia pola súa execrable acción, vexo a outro

heroe desgraciado, que descansa brillante no despexado e negro ceo. Heroes, fillos de deuses,

que lograron o imposible para simples mortais. Aínda así, ningún foi feliz. Todos foron torturados por outras divindades ou perseguidos pola súa profecía, que algúns crían poder evitar.

Desde aquí arriba tamén distingo, ao entrepechar un pouco os ollos, a estatua do gran rei galaico, fundador da Coruña. Pai mitolóxico do pobo galego, Breogán.

Se miro cara abaixo recoñezo a Rosa dos ventos, creada con granito, lousa e cerámica vitrificada, que marca con alegres cores as nacións celtas.

E sen sequera ter que velo, escóitoo. Escoito a ondada pesada e rebelde do mar e sen sequera ter que escoitalo, chéiroo. Cheiro ese aroma a sal, ese aroma á terra do noroeste de España.

Desde o alto, coa potente luz do faro na miña caluga, sei que sempre, un anaco de Galicia quedarase na miña memoria.

A quinta provincia galega

Concello: A Coruña

Xa levo dous anos na capital arxentina tratando de vivir unha vida mellor, unha lonxe do meu

verdadeiro fogar. Tomar a decisión de emigrar e deixar a todo e a todos atrás fora moi complicada, pero coas oportunidades no corazón, partín.

Esa mañá baixei á praza para xuntarme cos meus amigos da veciñanza que, coa súa calidez e

amabilidade, que ao parecer residía no interior de todos os arxentinos, foran de gran apoio

estes dous longos anos. No vestíbulo atopeime ao carteiro, a esperanza subíume á garganta.

- Desculpe, ten algo para Fernán Vidal? - preguntei ansioso.

- Fernán Vidal... - dixo rebuscando, na evidente fatigosa bolsa que colgaba do seu ombreiro.

- Si, aquí ten señor.

Fixen un xesto de agradecemento e mirei a dirección da carta, A Coruña. Sen esperar a que o

home se fose, abrín a carta cun nó na garganta. Era da miña irmá, que me contaba que finalmente tomara a decisión de migrar a Arxentina. Informaba que partía unha semana despois de escribir a carta. Iso significaba que agora mesmo estaba de camiño.

Finalmente

puiden soltar o aire contido na miña boca e foi contento onde os meus veciños.

-Che galego, véxote feliz, todo ben? - pregúntome Mario, un home moi afable, apenas chegar. Traballaba na froitaría da esquina e a súa única afección era xogar ao *tejo* os sábados pola mañá.

- A miña irmá decidiu emigrar, as cousas están difíciles alá. Tanta insistencia valeu a pena. -dixen riseiro.

- E como sabes cando chega? Ou onde vai desembarcar? - preguntou Lucho, mentres me

pasaba un mate que acababa de servir. O mate non era do todo do meu agrado, pero sentar a

bebelo era abrir a porta a unha conversación ou a gozar da compañía, sen necesidade de dicir

moito.

- Supoño que me escribirá cando chegue e ireina a buscar ou, ela sabe onde vivo pola dirección das cartas que lle mandaba. - ao responder, un medo invadiume. A viaxe.

A viaxe era perigosa, non todos o podían soportar, ademais de que había probabilidade de

que algunha enfermidade xurda na travesía. Tratei de acougar esa intranquilidade que xurdiu

dentro de min.

Os días pasaban e baixaba todas as mañás á primeira hora a ver se recibía algo na caixa de

correos, pero polo momento non había nada.

Un día caloroso na cidade de Bos Aires, alguén chamou a porta. Dixen un “vou” e dirixinme

á entrada. Abrín a porta e aí a vin, máis fraca que a última vez que nos despedimos, vestida

con vellas roupas, coa maleta antiga da nosa nai na súa man, pero sempre con ese fermoso

sorriso no seu rostro. O meu corazón parouse, as bágoas percorreron o meu rostro e díxenme

ao min mesmo que o que estaba a ver era verdade e que agora a miña irmá estaba a salvo.

Na nosa casa da Coruña, xogar coas bonecas sempre ía ser a escusa perfecta para fuxir das ceas familiares e achegarme ao meu universo ou o que os maiores coñecen por habitación.

Ultimamente, un montón de entusiasmo éncheme unha curiosidade que se disipa en pequenas partículas ao pousarse naquelas ferramentas. Co martelo na man din un pequeno golpe ao derradeiro parafuso que daría lugar, por fin, ao meu traste viaxeiro.

Cores vibrantes impregnáronse na miña cara que miraba fixamente á pantalla numérica: doce. Eses eran os minutos nos que eu estaría en calquera outro lugar ou momento.

A verdade é que non sabía como manipularlos, mais doce minutos serían suficientes para escapar da rutina e adiantar aos límites da miña incómoda coiraza.

9 minutos. 27 segundos.

Coeime no interior do que semellaba ser a porta dun lavadoiro perto do caniño de terra que vai á torre e, créndome ourizo, acheguei as miñas pernas ao peito. Pero tivo que ser xusto no mesmo instante no que pechei os ollos cando me decatei de que non sabía onde remataría. Sempre priorizando o tempo e non o que realmente importa!

E, en efecto, aquí estou. Abrindo os ollos e vendo... mais, que estou a ver?

Todas as persoas se dirixen á mesma dirección para rematar afogadas no mar profundo de
María Antonia.

Véxoas. Semellan posuídas. Non falan. Non teñen con que se defender. Roubáronlles a súa lingua e con ela o dereito a ser alguén.

4 minutos. 18 segundos.

Cada paso que camiñaba era máis inseguro ca o anterior. Tremíame o corpo enteiro cando batín cun obxecto duro e caín de cu. A miña mirada guiouse por aquela silueta que se debuxaba na escura e triste paisaxe do inverno coruñés.

Se cadra, aquel enorme ser non sentira o meu golpe, porque nin se moveu, mais eu...

Cando me decatei do que nunca quixen imaxinar, corrín sen sequera mirar atrás. Non pensei. Só marchei.

Un xigante. Un xigante destruindo todo un pobo. Un desagradábel xigante quedando co que non é del.

Parei. A lenda da caveira do Xerión que me contaran na casa era real. Berrei

no silencio. A besta reaccionou ao inesperado e co seu imponente e trémulo mover comezou a se achegar. A rabia e unha nova valentía facíanme ferver o sangue. Por iso, coa xustiza pola man, eleveime ate me facer coa lanza daquela muller fermosa empedrada no tempo, María Pita.

Non reparei pero xa só me quedaban apenas uns segundos dos meus doce minutos. Mais o meu grito impotente deume o valor e a carraxe para tirar veloz e axilmente o obxecto afiado cara o monstro.

Tres. Dous... Pestanexei e non o vin máis. Cero.

E o meu arredor tamén desapareceu. O tempo terminou.

O misterio da Santa Compañía

Todo comeza un día no colexio cando a nosa mestra de galego nos falou da Santa Compañía e os mitos que tiña sobre o mercado negro utilizando cadaleitos para esconder o contrabando desde café ata xabón.

Nada máis saír do colexio fun para miña casa e conteille a meus pais todo o que falamos do tema. Despois, púxenme a facer tarefa que mandara a mestra sobre a Santa Compañía e pensando nunha pregunta virei os ollos cara un cadro que había e que se parecía moito a un que nos ensinara a mestra.

Os días pasaban e eu non daba descuberto o significado do cadro. Nel aparecía un grupo de persoas disfrazadas de espíritos; un levaba un cadaleito medio aberto, pero non se distinguía o que había dentro e outro levaba un candil; paseaban polo que parecía o Monte do Gato no Concello de Coirós, comarca de Betanzos. Era noite unha noite escura.

Pregunteille á miña familia sobre o significado de cadro e o motivo de telo na casa, non soubo responder.

Chegou a fin de semana e fun a casa da miña avoa que vive soa na Espenuca, preto do miradoiro dende o que se ve o río Mandeo, o meu avó morreu misteriosamente. O primeiro que fixen foi preguntarlle sobre o significado do cadro da miña casa e porque estaba alí. Ela contoume que o cadro significaba o camiño que facía a Santa Compañía recollendo as mercancías e distribuíndoas entre as xentes.

Cando volví ver o cadro, vin que tiña unhas letras moi pequenas nas que non me fixara antes. O escrito é en latín e poñía: "Si hoc vides, vide in domo mea in Attica, viam aperiendam est premendo pyga in cubiculo meo absconditum"

Na biblioteca do meu pobo, busquei nun dicionario de latín e descubrín que poñía: "se ves isto, mira na miña casa no faiado, o xeito de abri-lo é premendo o botón oculto no meu cuarto"

Volvía onde a miña avoa, conteille todo e fomos directos a habitación do meu avó, tardamos un anaco en atopar o botón e ao premelo abriuse o faiado que levaba intentando abrir moito tempo.

Subimos ao faiado e atopamos un traxe, xunta el, unha carta que poñía: "Se chegaches ata aquí e preguntas por este traxe da Santa Compañía, a resposta é que eu traballaba no mercado negro e non dixen nada para non preocuparvos, os gardas de Franco lévanme buscándome moito tempo e escribín esta carta para despedirme.

Entreguei o traballo da Santa Compañía e contei a relación desta coa miña familia.

Eu son Xoán e esta é a miña historia.

Querido diario:

Hoxe vou ir visitar os meus avós a Miño. Gústame moito viaxar, pero máis aínda ir a esta aldea. O meu irmán di que é unha coma outra calquera e que non garda nada especial.

Raúl é un adolescente de dezaioito anos, polo que anda moi parvo ultimamente. El non vén a Miño porque xa é maior e pode quedar só na casa e desfrutar do verán cos seus amigos, que tamén son parvos.

A min iso aborréceme. Prefiro ir a horta coa miña avoa e recoller as patacas e tomates ou visitar as festas tradicionais de alí.

As miñas festas favoritas son o Colorea ou o Festival do Loro Facu. No Colorea a xente bótase entre si po de cores. É moi divertido ata que se che mete o po nos ollos e deixa de ser gracioso.

O Loro Facu é un festival que se celebra en agosto con actividades, talleres e xogos para os nenos. Foi nesta festa na que coñecín a Paula, a miña mellor amiga. Xa che falei varias veces dela, por exemplo, de cando fomos dar un paseo pola Senda dos Sentidos cos seus pais e vimos un niño de paxaros, o cal ela quería levar para a casa.

Decateime do incidente na Praia Grande! A Paula picoulle un escarapote e non quixo volver pisar a praia en todo o verán.

O que máis me gusta visitar cando estou en Miño son as Fragas de Xarío. É un bosque fermoso e ole moitísimo a natureza. Por alí pasa o río Xarío e pódense ver muíños abandonados.

Esta vila e os seus arredores gardan lendas e moita historia, coma o que aconteceu na Ponte do Porco. A lenda di que un señor chamado Nuno Freire de Andrade gobernaba no século XVI. A súa filla, Tareixa, namorouse dun doncel, Roxín Roxal, e este dela. O seu pai non estaba de acordo e desterrou a Roxín dándolle unha bolsa con moedas de prata e unha daga de ouro.

Tempo despois, Tareixa casou cun home de alta posición social, Henrique Osorio.

Un día, os campesiños queixáronse pola presenza dun xabaril e Nuno decidiu organizar unha cacería na que participaría Tareixa e o seu marido.

Estes partiron da súa aldea e, cando chegaron a unha ponte do río Lambre, atopáronse co animal e Henrique, aterrado, fuxiu e deixou a pobre Tareixa desprotexida, que morreu.

Á mañá seguinte, Nuno regresou á ponte e veu o corpo do xabaril no chan cunha daga dourada cravada no peito.

Gustaríame seguir escribindo sobre Miño, pero mamá está chamándome para montar no coche e teño que me despedir. Ademais, non quero chegar tarde ao Pizza Miño, onde cearei unha saborosa hamburguesa.

Bico

Talía

.

UNHA PEQUENA HISTORIA DA MIÑA INFANCIA.

Dende que era un rapaz pequeno non paraba quieto nin un só minuto.

Un verán como todos, fun á miña casa, nunha pequena vila do concello de Ames. Case todos os días recorríaa de arriba a abaixo só para queimar esa enerxía que tanto me sobraba.

Os veciños da vila xa me coñecían e sempre saían das súas casas para falar comigo. Un día, un veciño faloume dun muíño, unha palabra completamente nova para min. Describiumo como un lugar onde ían os meus antepasados a moer o trigo para facer fariña. A miña inocente mente de neno pequeno imaxinou unha máquina enorme chea de cables. Despois, o veciño díxome que había un na cima do monte da vila e eu só pensei en ir ata alí.

Emprendín a marcha monte arriba ilusionándome con como sería o muíño. Cando cheguei á cima vin unha pequena casa que parecía semiabandonada e aínda que non pensei que fora un muíño, pois era demasiado pequeno e sen máquinas, entrei. Cando vin ese fermoso lugar quedei abraiado. Todo estaba escuro e un leve raio de luz entraba por unha estreita xanela; unha roda cun buraco no centro emitía un agradable sonido da forza do río, que se amplificaba cando te asomabas. Ao ver isto, non puíden evitar imaxinarme como sería a vida dos meus antepasados recorrendo ese camiño todos os días. Decidín volver á vila con moita ilusión de contarlle a todo o pobo a fermosura dese lugar.

Isto só pode ser o río Furelos!

Melide

O home decidiu viaxar ao lugar do que todo o mundo non podía parar de falar: un río chego de maxia, cuxa lenda contaba que non sempre tivo auga, situado nunha rexión do Camiño de Santiago. Aos lados do río, o home puido apreciar a fauna galega. O que máis abundaba eran os castiñeiros.

O home apoiouse na varanda e observou as follas dos castiñeiros caendo ao río, o reflexo do ceo na auga clara, o son dos paxaros ao chiar e como o río batía con forza contra as pedras. O home pechou os ollos e deixou que a paisaxe o cativara. Relaxouse tanto que, ao final, quedou durmido. Espertou ao cabo dunhas horas e todos os seus problemas desapareceran.

A CANDEA ACESA

Nas aldeas perdidas entre a néboa de Galicia, dicían que a Santa Compañía camiñaba cada noite, atravesando bosques e corredoiras co seu sombrío desfile de ánimas en pena.

Os anciáns da zona advertiron aos nenos que non saísen das casas nas noites de néboa, que non cruzasen camiños baleiros e que non mirasen directamente as luces procedentes do medio do monte. Dician que se ves á Santa Compañía, podías acabar levándoa contigo.

Uxía, unha nena que vivía nunha aldea de Melide, a filla do muiñeiro, medrou escoitando estas historias, a súa avoa dicíalle que a única defensa era levar unha candeia acesa consigo. Unha noite, decidiu que xa non tería medo. Con braveza e levando a candeia acesa, saíu da casa cando o silencio da noite era máis grande que nunca. Atravesou o ponte de San Xoán de Furelos, a néboa parecía abrirse ante ela. Viu luces descoñecidas, escoitou oracións amortuxadas e á fronte da Compañía... o rostro do seu irmán, desaparecido había dous anos. Mirou para ela, cos ollos baleiros, nos que xa non había vida, e estendeulle unha man. Uxía deu un paso cara el. E entón a candeia apagouse. Dende aquela noite ninguén a volveu ver. Contan que, algunhas madrugadas, unha nova figura leva á Compañía, cunha candeia que nunca prende.

Corazonada

Melide

Marta despertou ás tres da mañá. Tiña frío e tapouse co edredón tan agarimoso que lle agasallara a súa avoa. Custoulle volver quedar durmida. Tiña mal corpo, como se presentise que algo ía ocorrer.

A primeira hora foi o mercado do domingo para collerlle verduras frescas á señora María, es muller tan doce que bondadosa á que Marta axudaba nas tarefas domésticas. Subiu as escaleiras do portal e o corazón acelerábaselle como cando despertou pola noite. Meteu a chave na pechadura e cando foi á cociña, onde sempre a esperaba María, cumprírase o seu presentimento.

A nena lobo

Melide

Na vila de Melide contábase que polas noites rondaba un lobo polas zonas escuras deste lugar. Un domingo á noite, unha nena desapareceu da súa casa. Os seus pais estaban moi preocupados xa que tiñan medo de que o lobo lle fixese algo. O que os pais da nena non sabían era que o lobo era a súa propia filla.

Xirasol

Melide

Moitos aprécianme polo meu xiro e a miña coruto; outros pola semente que dou. Represento a alegría nos prados e o sorriso da xente un día de Sol.

O pesadelo

Toques

A rapaza espertou como todas as mañás escoitando de fondo o murmurio da fervenza de Toques cando se decatou de que algo non ía coma sempre. Non conseguía ver ben; a habitación estaba borroso e ata parecía que daba voltas. Vía sombras que se movían, formas estrañas e ata parecía que a luz era distinta. Tiña que averiguar que estaba a ocorrer. Ergueuse axiña, puxo as súas gafas e... todo volveu á normalidade.

Asíquesóeran lendas...

A avoa Francisca vivía nunha das aldeas do concello de Coristanco, nunha preciosa casa na que

Casandra, a súa neta, pasaba as tardes, xa que os seus pais traballaban.

Todos os días despois da escola, súa nai achegábaa á casa de Francisca. Alí súa avoa contáballe lendas e sucesos paranormais galegos.

Casandra era moi coidadosa con non facer cousas consideradas de “mala sorte”, sempre levaba obxectos para protexerse e evitaba saír de noite por medo. Isto desgustaba a súa nai, que non cría en lendas e que pensaba que só servían para asustar a nena.

Un día a súa avoa marchara cedo e Casandra quedara na súa casa esperando a que seus pais a recollesen. Anoiteceu e soou o teléfono, era a súa nai con malas noticias. Casandra tería que camiñar ata a parada de bus e pillalo para ir a casa, xa que seus pais tiveran un imprevisto. Ela negouse, pero súa nai apresurouna xa que o último bus estaba a punto de chegar. Saíu case sen nada e adentrouse na noite.

De repente, viu unha luz tenue na escuridade, empezou a tremer, era un grupo de persoas encarapuchadas e con túnicas negras. Era a Santa Compañía, pero non levaba nada para protexerse debido á présa.

*O que logo ocorreu coa nena, só Deuso sabe,
porque nonolveu aparecer por ningunha parte.*

Natalia Facal Rabuñal 3ºESO C

Eran as 6 da tarde e escoitaba berros dende a miña casa. A cidade da Coruña pasou de ser unha cidade con moito ambiente nas rúas, a ser unha cidade onde predominaba o medo. A poboación non era consciente de todo o que ocorría, polo que a meirande parte dela preferiu encerrarse nos seus fogares. En cambio eu, non podía mirar para o outro lado, por unha parte a maior parte do conflito estíbbase levando a cabo debaixo do meu fogar, na praza de María Pita. Pero iso non era a razón máis importante, era que o meu pai se atopaba pelexando contra as inimigos obrigadamente.

Todo empezou hai 5 días, as tropas inglesas entraron a través do porto da cidade. Eu atopábame fóra da casa, concretamente na "Rúa Real" comprando a comida para toda a semana. Eu empecei a escoitar moitos ruídos, que últimamente non eran moi comúns. Non cheguei a ver como entraron, pero a miña familia contoume, que chegaron e se dividiron en 3 grupos: un que se dirixiu para a Torre de Hércules, outro para o Obelisco e o último para a praza. A medida de que foron para alí, o exército da cidade chegou, e a meirande parte colocouse na praza, liderados por unha muller. Esa muller era María Pita, que un pouco despois se converterá na maior inspiración da cidade.

As tropas coruñesas comezaron a pelexar, e foron cada vez vencendo as tropas inimigas. Eu sufría dende a ventana observando ao meu pai pelezar e sen saber se volvería velo. Segundo a miña nai, foi unha batalla rápida, xa que as tropas coruñesas tiñan superioridade numérica, e en poucas horas venceron as tropas inglesas que estaban na praza.

Despois fixeron o mesmo nas outras zonas, e en varios días gañaroj as tropas, esto o sei porque o meu pai contoumo ao volver. Toda a cidade saiu a rúa a festexalo e animar ao exército e sobre todo ao novo icono da cidade, María Pita (a que despois a praza onde pelexaron se lle atribuiu o seu nome). Eu so festexaba que o meu pai se atopaba perfectamente. Foi unha batalla inédita que Coruña nunca olvidará.

Aínda recordo á perfección o día no cal o meu avó me contou aquela historia. Foi un día de chuvia, estabamos na casa do meu avó, ben, a súa primeira casa, xa que era na Illa de Sálvora. Recordo que era luns, xa que os luns pola tarde sempre os pasaba con el.

Aquela historia foi a que cambiou para sempre a percepción que tiña sobre o meu avó:

“Ben, todo comezou un día que un cabaleiro se paseaba co seu corcel pola praia desta illa. E de súpeto, escoitou uns sons que proviñan de lonxe. Non tardou moito en decatarse de que os sons proviñan dunha fermosa serea, coa cal terminaría casando. Saltaba á vista que o feito de que o cabaleiro pertencese á terra, e a serea ao mar era un gran problema. Por iso, o cabaleiro arrincoulle as escamas unha a unha, o que fixo que serea quedase sen voz. Por iso o cabaleiro puxolle o nome de Mariña”

“Foi entón cando unha noite de San Xoán, a serea Mariña, Roldán o cabaleiro, e o seu fillo, estaban desfrutando da noite de San Xoan, cando Roldán colleu o seu fillo para saltar a fogueira. O berro de Mariña foi tan forte que lle devolveu a voz.”

Seguro que todos estaredes a pensar que foi o que me fixo cambiar a percepción sobre o meu avó. Ben, pois meu avó chamase Roldán, e miña avoa Mariña. E cada vez que lle pido ao meu avó que me volva a contar aquela historia, ao rematar de contala, asegúrame que é certa. Foi por iso que decidín investigar o que había detrás do seu conto. Para iso falei coa persoa máis sabia e maior que coñezo, o vello do faro de Corrubedo. Pregunteille pola lenda da serea de Sálvora, e el contoume que non era lenda, que pasou de verdade. Tamén mencionou que a serea cantaba moi ben e que tiña un cabelo louro moi fermoso.

A pesar diso, non tiña a suficiente información como para saber se meus avós foron os protagonistas daquela historia. Así que fun buscar o vixiante da Illa dos Ratos, a segunda persoa mais maior e mais vella que coñezo. Pregunteille que sabía sobre a serea de Sálvora, e faloume sobre Roldán, e fíxome unha descrición exacta do meu avó, cousa que me pareceu moi estraña. Decidín investigar, na que foi a primeira casa do meu avó. Busquei e busquei, e acabei atopando o antigo diario do meu avó. Nel contábao todo, como coñeceu á avoa, como quedou preso dos seus cantos, e como ía cada noite escoitala.

Cando fun falar co meu avó, díxome que sempre mo ocultou para que non me decatase do segredo que levaba sendo gardado pola nosa familia, que ao ser descendente dunha serea, podía converter nunha serea e respirar baixo a auga.

Entón decidín continuar o legado da miña avoa, e converterme na nova serea de Sálvora...

O MESTRE E O ALUMNO

A primeira vez que escoitei falar do castelo de Vimianzo foi hai moito tempo; xuraría que tiña uns nove ou dez anos. Por aquel entón, todos os sábados solleiros, meus pais levábanme de excursión a calquera punto de Galicia onde houbera algo de interese, aínda que eu só quería saber das miñas cousas. Un deses sábados tocou visitar Vimianzo.

Aquel día, ao chegar ao castelo, meu pai falaba das revoltas irmandiñas e das loitas dos campesiños contra os señores feudais, pero eu só pensaba en que aqueles muros parecían saídos da ficción... e que meu pai era un pesado. O escenario e o aburrimiento leváronme a facer unha parvada que consistiu en afastarme e buscar a miña propia aventura. Foi entón cando atopei unha porta pequena e vella, medio agochada detrás dun arbusto. Entrei sen facer ruído, baixei unhas escaleiras de pedra e cheguei a unha sala escura, fría e húmida. Na parede había unhas marcas estrañas: símbolos, números e debuxos xeométricos. Non entendín nada, e tampouco tiña ganas de entender: o que quería era marchar canto antes para a casa a ver algunha película. Aínda por riba non sei o que toquei e as miñas mans puxéronse moi vermellas e secas! Tivemos que ir a urxencias. Aínda agora lembro a bronca da miña nai...

Co que non contaba eu era que, vinte anos despois ía estar dando clase de matemáticas no IES Terra de Soneira. Nese primeiro curso como profesor, a miña compañeira de Historia pedíume que a acompañase nunha visita guiada ao castelo co alumnado de primeiro da ESO.

Unha vez alí, vin a Xoan afastarse do grupo. Decidín seguilo porque non quería que na miña primeira excursión, se perdera ou morrese un dos meus alumnos. Vin como camiñaba ata unha porta que me resultaba familiar. Estaba xa case oculta pola herba, así que acendín a linterna do móbil... e alí estaban: os mesmos símbolos, os mesmos números e os mesmos debuxos xeométricos que vira de pequeno. Nada cambiara.

Pero esta vez, non estaba só. Estaba co rapaz que me facía a vida imposible na aula preguntando o porqué de cada pequena cousa que explicaba, unha e outra vez. Xuntos, observamos, calculamos e interpretamos. Enseguida comprendín que aquelas figuras non eran só decoración medieval: eran un código, unha linguaxe escondida para quen soubese mirar con ollos curiosos. Foi moi divertido. Xoan e máis eu ficamos sorprendidos do noso descubrimento.

Saíndo do castelo, de volta ao instituto, entendín por primeira vez o que me dicía o meu pai cada vez que eu me negaba a que me contase ou explicase algo: “O mestre aparece cando o alumno está preparado.”